

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de maio de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(903).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(904).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE DEPORTE DE MAIORES EN FUNCIÓN DA VARIACIÓN DO IPC PERÍODO NOVEMBRO 2005-MARZO 2007. EXPTE. 21678/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.05.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Facenda e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de desenvolvemento do programa de deporte para maiores, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2006, a nome de PABLO CASAL NÚÑEZ, DNI.36081498, disposición de crédito por importe de 1.105,50 € na partida 3130.226.08.01 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período novembro/2005-marzo/2007.

3(905).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/1618, 1/2009.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo os informes-propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Carmen Casalderrey Justo. Expte. 23/1618.
- D. Enrique Juane Pérez. Expte. 1/2009.

4(906).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, ANO 2007. EXPTE. 10216/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 3.05.07, e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultural, do 3.05.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, por importe de 36.000, 00 €.- (trinta e seis mil euros) para o financiamento da actividade do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ó ano 2007; o importe da subvención supón o 85,71% do presuposto total do programa. A financiación da subvención aplicaríase á partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo –Instituto de Estudos Vigueses” do presuposto municipal prorrogado no actual exercicio económico.

A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Provigo e a súa Área para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación Provigo e a súa Área axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, es especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade do Instituto de Estudos Vigueses-Fundación Provigo, acreditado pola concordancia do programa do Instituto para 2006 cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación.

2º.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada.

3º.- Facultar ao Concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, D. Ignacio López-Chaves Castro, para a sinatura do convenio referido.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Rubén López López, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- > O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudios Vigueses (en adiante o INSTITUTO) tiñan asinado diversos convenios de colaboración nos que se definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO; así como outros convenios nos anos 2004, 2005 e 2006 que permitiron o seu funcionamento e actividade.
- > Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2007 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento e actividade.
- > D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004, sobre competencias delegadas e D. Rubén López López actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento outorgada o 1 de marzo de 2007 pola Fundación Provigo e a súa Área.
- > A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Provigo e a súa Área para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudios Vigueses axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación Provigo e a súa Área axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, en especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade do Instituto de Estudios Vigueses-Fundación Provigo, acreditado pola concordancia do programa do Instituto para 2007 cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionar o programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ao ano 2007, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa consisten na edición de publicacións, a continuación do desenvolvemento dun proxecto de Centro de Documentación da Historia de Vigo e a realización de ciclos de conferencias.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 42.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 6.000 € por venda de libros

- 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vígueses” do vixente presuposto municipal prorrogado no ano en curso.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ao Concelleiro da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo e a xefatura do departamento de Cultura , cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas do INSTITUTO

- > Cumprir o programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais e ao departamento de Cultura, os cambios que se poideran producir, así como as incidencias durante o desenvolvemento da programación.
- > Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa.
- > Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
- > Entregar á Concellería da Área de Asuntos Sociais 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2007; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Alcaldía en escrito razonado.
- > Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.
- > Emitir os informes que se lle poidan requirir pola concellería de Asuntos Sociais ou a Alcaldía sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rúeiro da cidade.
- > Presentar no CONCELLO unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, xunto coa liquidación do pagamento da subvención e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programa de actividades.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola FUNDACIÓN. O deseño gráfico de publicacións e material de difusión deberá ser enviado previamente á impresións ao departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

O Instituto de Estudos Vígueses incorporará na súa páxina web, e nas presentacións e difusión das súas actividades, información sobre os convenios co CONCELLO, de acordo coa Concellería da Área.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2007 do seguinte xeito:

- Ata un 25% durante o mes seguinte á sinatura do convenio.
- Ata un 50% durante o mes de outubro.
- Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio.

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegar a seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentarase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

datos sobre os participantes nas actividades,

memoria de prensa,

relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento (concepto, acreedor e importe);

detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado; ingresos.- detalle das contías recibidas (subvencións de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc.).

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola FUNDACIÓN deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo RD 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A cancelación dalgunha das actividades ou servicios previstos no programa producirá o desconto proporcional que corresponda no importe do pagamento da subvención.

NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias.

Considérase como incumprimentos significativos a non realización das actividades acordadas, a falta de comunicación previa sobre as actividades ou os relativos a cláusula sobre difusión.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptalas medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES.

PROGRAMA-PRESUPOSTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES - 2007

<u>INGRESOS</u>				
	Subvencions			
	Excmo. Concello de Vigo	36.000		
	Venda de Libros	6.000		
	<u>TOTAL INGRESOS:.....</u>			<u>42.000</u>
<u>GASTOS</u>				
	GASTOS EXTERNOS		4.700	
	Material de Oficina	800		
	Comunicacions	1.500		
	Mantenimento e Reparacións	1.200		
	Subscripcións	700		
	Varios	500		
	PROGRAMAS		37.300	
	Edición e presentación Boletín GLAUCOPIS Nº XIII	6.000		
	Edición e presentación libro de Topónimos	8.000		
	Edición e presentación libro de biografías viguesas	8.000		
	Outras publicacións	8.700		
	Asamblea anual da CECEL	600		
	Centro de Documentación Histórica de Vigo	3.200		
	Conferencias	1.000		
	Outras actividades culturais	1.800		<u>42.000</u>
	<u>TOTAL GASTOS:.....</u>			

5(907).- SOLICITUDE DO CLUB VETERANOS DE SAMIL PARA ORGANIZAR A II MILLA POPULAR PRAIA DE SAMIL O DÍA 3.06.07 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE.6976/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Veteranos de Samil, a organizar a II MILLA POPULAR PRAIA DE SAMIL, cun percorrido pola praia de Samil, coa referencia nos puntosituados entre a cafetería Jonathan e as pistas de tenis de Samil, a partir das 10.30 horas do vindeiro día 3 de xuño de 2007.

6(908).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTONÁUTICA PARA ORGANIZAR UNHA EXHIBICIÓN DE SALTO LIBRE EN MOTOS DE AUGA O DÍA 3.06.07 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 6990/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Federación Galega de Motonáutica a organizar o vindeiro día 3 de xuño de 2007 unha Exhibición de salto libre en motos de auga, que se desenvolverá na praia de Samil, dende as 10.00 horas ata as 14.00 horas.

7(909).- SOLICITUDE DO IES CHAPELA PARA ORGANIZAR A I MARCHA CICLOTURISTA “DEIXA ATRÁS O TABACO” O DÍA 31.05.07. EXPTE. 6979/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao IES CHAPELA a organizar o vindeiro día 31 de maio, en horario de 11.20 a 13.30 horas, a I MARCHA CICLOTURISTA “DEIXA ATRÁS O TABACO”, que terá o seguinte percorrido: saída dende o IES CHAPELA ata a subida da Madroa, pola N-520, e dende aí ata o alto da Encarnación, rematando no IES CHAPELA.

8(910).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA ORGANIZAR A II CARREIRA DA MULLER O DÍA 10.06.07. EXPTE. 6977/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo a organizar a II CARREIRA DA MULLER, cun percorrido polas rúas Gran Vía -a carón Corte Inglés-, Urzáiz, República Arxentina, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Concepción Arenal, As Avenidas, con remate fronte á piscina do R.C. Náutico de Vigo.praia de Samil, a partir das 11 horas do vindeiro día 10 de xuño de 2007.

9(911).-SOLICITUDE DOS CENTROS DE ENSINO MONTERREY, SAN FERMÍN E QUIÑONES DE LEÓN PARA ORGANIZAR A III CARREIRA POLO DESARME MUNDIAL E A NON VIOLENCIA O DÍA 3.06.07 POLA TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE. 6978/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar aos centros de ensino Monterrey, San Fermín e Quiñones de León, a organizar a III CARREIRA POLO DESARME MUNDIAL E A NON VIOLENCIA, cun percorrido pola Travesía de Vigo, no horario comprendido entre as 10 e as 13 horas do vindeiro día 3 de xuño de 2007.

10(912).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE BOXEO PARA A CELEBRACIÓN DO “INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN/VIGO 2007”. EXPTE. 6987/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.05.07 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración do INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007 do día 20 ó 27 de maio de 2007 , entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Boxeo, que se de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000 euros a favor da entidade; Federación Gaelga de Boxeo CIF: G-15108996. Con enderezo en Avda. De la Marina, 32 – 1º A Coruña 15003. (c/c: 2091.0707 08 3040007478 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN GALEGA DE BOXEO PARA A CELEBRACIÓN DO INTERNATIONAL TOURNAMENT BOXAN/VIGO 2007.

No Concello de Vigo, a

Dunha parte: Dna. Lucia Molares Perez, concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

E doutra: D. Pastor Lopez Alvarez, con DNI: 32337931-T en nome e representación da Federación Galega de Boxeo co CIF: G-15108996.

Ámbalas dúas partes reconécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007, por tratarse dun acontecemento deportivo de primeiro nivel mundial coa participación dos mais destacados puxiles olímpicos do mundo, o Excmo. Concello de Vigo e a Federación Galega de Boxeo, conveñen a realización do mesmo sendo a Federación Galega de Boxeo a única entidade con capacidade organizativa para afrontar este evento que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira, o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo R.d. 887/2006; a normativa autonómica sobre subvencións; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme ao establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social polo que a súa concesión acollese o previsto no artigo 22.2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver o INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO-2007 e a Federación Galega de Boxeo, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A Federación Galega de Boxeo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1- Autorizar a organización do INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007 á Federación Galega de Boxeo para a celebración do 20 ó 27 de maio de 2007.

2.2.-Aboar á Federación Galega de Boxeo a cantidade de 30.000 euros pola organización e celebración do “INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007”, con cargo á partida 4521.489.00.01 “Subvencións Eventos Deportivos” do orzamento en vigor.

TERCEIRA.- A Federación Galega de Boxeo, asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar o “INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007”, no ano 2007.

3.2.-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.

3.3.-Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.

3.4.-En toda a información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.

3.5.-Cumprir todas as normas establecidas no clausurado do convenio.

3.6.-Responder da veracidade dos datos da solicitude.

3.7.- A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servicio de Deporte da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción económica e desenvolvemento local, a través do Servicio de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Galega de Boxeo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servicio de Deportes, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

QUINTA Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Federación Galega de Boxeo.

A subvención aboárase nun único pago tras a celebración do evento deportivo. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

- Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.*
- Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade deportiva.*
- Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.*

O técnico do Servicio de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

SEXTA: Así mesmo acordan de se lo caso, que todos los ingresos provenientes da referida “INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007” serán percibidos en beneficio da Federación Galega de Boxeo.

SEPTIMA: A vixencia do presente convenio é para a realización do “INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007 “.

OITAVA: A Concelleira-Delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

NOVENA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS

DECIMA: A entidade Federación Galega de Boxeo, deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do INTERNACIONAL TOURNAMENT BOXAN VIGO 2007.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

11(913).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL BENEFICIARIO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2007. EXPTE. 4450/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 11.05.07, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

A orde do 31 de xaneiro de 2007 da Consellaría de Traballo pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2007, da Consellaría de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 12º os requisitos e criterios para a preselección do persoal traballador para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego, da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.

Dado que o Concello de Vigo solicitou, con data 21 de marzo de 2007, subvención para a realización de diferentes memorias no marco desta orde, complementariamente ao procedemento establecido para o envío de candidatos/as é preciso agora establecer o procedemento que se seguirá para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.

Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as para cada praza por parte do Servizo Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión encargada da selección definitiva do persoal. Esta Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleiro/a do departamento de Emprego, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.*
- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.*
- Un/unha técnico/a do departamento de Emprego, nomeado/a polo/a concelleiro/a dese departamento, que actuará como Secretario/a.*
- Un/unha técnico/a do departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo concelleiro/a.*
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.*

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo do persoal que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza.

Para esta valoración, e tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007 onde se especifican cales son os seus colectivos prioritarios (mozos/as, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as), puntuarase:

Idade:

De 18 a 30 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

Desemprego de longa duración:

0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).

Muller:

0,5 puntos no caso de ser muller desempregada.

Persoas vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten:

0,5 puntos.

Discapacitados/as, cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e debidamente acreditada mediante o certificado correspondente:

0,5 puntos, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.

As probas específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos.

Ademais, para todos os postos excepto para os peóns (que se seleccionarán segundo as condicións de ocupabilidade anteriores por ser postos que non necesitan cualificación), teranse en conta os seguintes criterios:

- > Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

- > Experiencia profesional (dentro do mesmo grupo de cotización), puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).

Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoraranse ata un máximo de 1 punto.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 12º da Orde que regula os Programas de Cooperación para o ano 2007, o persoal traballador que fora contratado no marco desta subvención, por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderá participar neste proceso de selección.

Vista a documentación que obra no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2007.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(914).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE “JULIETA VENEGAS” DENTRO DO PROGRAMA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2007. EXPTE. 2249/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 18.05.07, conformado polo concelleiro e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. - Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de JULIETA VENEGAS dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2007, o día 30 de xuño, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 23,00 horas.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 60.000 euros (ive incluído) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) RC28993 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa SEIJO ENRIQUEZ, RAQUEL 000950596 Y S.L.N.E.,

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º. - Aprobar uns prezos de 6 euros venta anticipada e 8 euros venta en taquilla para as 4.000 entradas que o Concello porá a venda e das que será o único beneficiario.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JULIETA VENEGAS

Vigo, de 2007

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte , Dna. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ, con D.N.I.: 36115748-K como ADMINISTRADOR da empresa SEIJO ENRIQUEZ RAQUEL, 00095056Y S.L.N.E, CIF B-36975050 con domicilio rúa Urzaiz, 81-9B ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación da artista JULIETA VENEGAS co espectáculo "LIMON Y SAL", no sucesivo O ARTISTA, o día 30 de xuño de 2007, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 51.724 máis iva, o que fai un total de 60.000 .-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a Dna. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ, con D.N.I.: 36115748-K, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 1496/2003 de 28 de novembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.-entradas, ao prezo de 6 -€ venta anticipada e 8 euros taquilla, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 800 invitacións das que entregará á AXENCIA 50.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos

medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que

poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 08,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 500 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 metros do chan do escenario.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará unhas estruturas para os equipos de son, coas seguintes medidas 2,5 m de fronte x 2 metros de fondo e 12 metros de altura do chan. Con capacidade de carga de 2.000 kg.

2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións: Así mesmo a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 6 metros de fronte, 4 m de fondo e dous niveis situados a 0,30 e 0,50 m do chan.

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 750 Kg/m².

Para cañón de iluminación: torre de 2 m x 2 m, a 2 m do chan.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade. Ademáis facilitaralle á axencia 20 puntais de obra, extensibles e dunha altura inferior a 1,80 para reforzar algunhas zonas concretas do escenario.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral
MERCADOTECNIA.-*

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reuniran as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA seis camerinos a súa disposición, 2 individuais, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas, todos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, 35 toallas grandes, toallas medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse toallas grandes, recién lavadas e secas e pastilla de xabón.

Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

Ademais proveerá de unha oficina de produción no “backstage”, con mobiliario.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrar ó catering seguinte:

Agua mineral, refrescos, sandwiches variados, fruta fresca, café, té, leite, pastas e chocolates.

Ademais, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de tres trailers, dos autobuses e tres furgonetas que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da produción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de produción e organización relacionadas co evento.

O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interlocutor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de TRINTA persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners...

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.
2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
10 membros DIANTE DO ESCENARIO.
2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO,
MERCADOTECNIA,...)
2 membros: zona de minusválidos.
1 membro: cañons

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricteza puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA editará 1.000 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuídos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de dez días e 50 dossiers.

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.

13(915).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE “ARTIC MONKEYS” E ARTISTA INVITADO DENTRO DO PROGRAMA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2007. EXPTE. 2250/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 18.05.07, conformado polo concelleiro e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de ARTIC MONKEYS + artista convidado dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2007, o día 19 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 23,00 horas.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 179.800 -€, (iva incluído) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) rc 28993 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa SWEET TOURS S.L.N.E. B-36970812.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo de 12 euros venta anticipada e 15 euros taquilla € para as 4.000 entradas que o Concello porá a venda.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE ARTIC MONKEYS + ARTISTA CONVIDADO

Vigo, de 2007

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. DAVID LAGO LOPEZ, como ADMINISTRADOR da empresa SWEET TOURS S.L.N.E. CIF.: 36970812, , con domicilio C/Churruca, 12- 2-º A CP 36201 ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista ARTIC MONKEYS + ARTISTA CONVIDADO , no sucesivo O ARTISTA, o día 19 (dezanove) de xullo de 2007, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos)

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 155.000-€ máis iva, o que fai un total de 179.800 €, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D DAVID LAGO LOPEZ, NIF 36.122.709-J, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a chegada da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 1496/2003 de 28 de novembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo “indefinido” e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.-entradas, ao prezo de 12 euros venta anticipada e 15 euros -€ en taquilla, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 600 invitacións das que entregará á AXENCIA 50.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 08,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 wattios de potencia, en catro torres de “delay” situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 500 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 metros do chan do escenario.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará unhas estruturas para os equipos de son, coas seguintes medidas 2,5 m de fronte x 2 metros de fondo e 12 metros de altura do chan. Con capacidade de carga de 2.000 kg.

2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións: Así mesmo a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 6 metros de fronte, 4 m de fondo e dous niveis situados a 0,30 e 0,50 m do chan.

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 750 Kg/m².

Para cañón de iluminación: torre de 2 m x 2 m, a 2 m do chan.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade. Ademais facilitaralle á axencia 20 puntuais de obra, extensibles e dunha altura inferior a 1,80 para reforzar algunhas zonas concretas do escenario.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral
MERCADOTECNIA.-*

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reuniran as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de seis camerinos a súa disposición, 2 individuais, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas, todos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, 12 toallas grandes, 12 toallas medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse toallas grandes, recién lavadas e secas e pastilla de xabón.

Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

Ademais proveerá de unha oficina de produción no “backstage”, con mobiliario.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrar ó catering seguinte:

Agua mineral, refrescos, sandwiches variados, fruta fresca, café, té, leite, pastas e chocolates.

Ademais, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de tres trailers, dos autobuses e tres furgonetas que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da produción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de produción e organización relacionadas co evento.

O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interlocutor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizable. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de TRINTA persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners...

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.
- 2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 10 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
- 4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO,
MERCADOTECNIA,...)
- 2 membros: zona de minusválidos.
- 1 membro: cañons

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricteza puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA editará 2.000 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuídos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de dez días e 50 dossiers.

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.

14(916).- RETRIBUCIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC VIGO UTE CON EFECTOS DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2006. EXPTE. 101033/140.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 8.05.07, conformado polo interventor xeral e polo concelleiro delegado da área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 10 de abril de 2007, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade AQUALIA FCC VIGO UTE solicita desta Administración Municipal a actualización da súa retribución, con efectos de 1 de xaneiro de 2006, en contraprestación do servizo prestado a través da xestión integral da subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais propoñendo unha retribución de 0,9592 €/m³ de auga facturada.

Unha vez analizada a referida petición, esta xefatura emite o seguinte informe:

- 1º *A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de xuño de 2006 acordou: establecer como retribución da concesionaria do servizo, con efectos do 1 de xaneiro de 2005 a cantidade de 0,9197 €/m³. A actualización interesada pola entidade supón un incremento do 4,29 % sobre o actualmente existente.*
- 2º *Non procede efectuar ningunha precisión ós factores integrantes da retribución, que a marxe se reseñan, toda vez que a súa repercusión non experimentou variación ningunha con respecto ós expedientes de retribución dos exercicios 2002, 2003, 2004 e 2005, polo que se dan por reproducidas as manifestacións e xustificacións contidas nos informes desta xefatura de data 14/8/2002 e 28/8/ 2003.*

Os referidos factores constitutivos e a repercusión proposta son as que a continuación se detallan:

- *Canon municipal:* 0,0300 €/m³
- *Financiamento explotación E.D.A.R. colectores período 1/8/98-31/12/98* 0,0032 €/m³

- 3º *Con respecto ós factores custo unitario explotación e recuperación do plan de investimentos, é de significar o seguinte:*

a) *Custo unitario de explotación.- O concepto de custo unitario aparece claramente definido na cláusula 3ª do prego de condicións económico- administrativas, e comprende todos aqueles gastos que son imputables ó mantemento, conservación e explotación da infraestrutura de*

abastecemento e saneamento adscrita o servicio público. Na referida cláusula establece que a súa determinación efectuarase en €/m³ de auga facturada.

O custo unitario actualmente vixente, de conformidade coa última modificación de retribución aprobada (Xunta de Goberno Local de data 12/6/2006) ascende a 0,5423 €/m³, e para a súa retribución deberase estar o previsto nas cláusulas 85 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas, que para tal efecto establece a seguinte fórmula polinómica:

$$K(t) = a \frac{H(t)}{H(o)} + b \frac{E(t)}{E(o)} + c \frac{S(t)}{S(o)} + d \frac{G(t)}{G(o)} + 0,05$$

Os índices finais o termo de cada factor constitutivo están referidos o mes de decembro de 2005, e os iniciais a decembro de 2004 de tal sorte que se enlaza a serie establecida na última actualización do custo unitario.

Respecto o factor man de obra preveuse un incremento do 3,19%, que resulta do seguinte cálculo:

IPC real 2006 (2,7%) + diferenca paga Beneficios (19,75% fronte 19% convenio anterior)= 2,7% + 0,49% = 3,19%

De conformidade co anteriormente exposto a revisión fórmase nos seguintes termos:

$$K(t) = 0,606 x \frac{103,19}{100} + 0,176 x \frac{977,9}{1010,3} + 0,108 x \frac{2414,8}{1962,2} + 0,06 x \frac{103,7}{100} + 0,05$$

1.

$$K(t) = 1,040818$$

$$0,5423 \times 1,040818 = \underline{0,5644 \text{ €/m}^3}$$

O informante entende que procede estimar as peticións formuladas pola entidade concesionaria, en canto a consideración na retribución do exercicio 2006 dos factores que a marxe se reseñan e polos motivos que en cada caso se indican:

- Adscricións de bombeos de abastecemento e saneamento executados dentro do plan de investimentos da concesionaria, ben directamente polo Concello de Vigo ou polos investimentos aportados por outras administracións (53.311,60 €/ano), según la siguiente justificación:

	Mantenemento	Enerxía	Total
Camiño de Padrón- Matamá (saneamento)	1.110,00	641,00	1.751,00
Colexio Universitario-Macal (Abastecemento)	4.996,97	34.455,20	39.452,17
Camiño Valada-Valadares (Abastecemento)	1.223,00	2.601,21	3.824,21
TOTAL			53.311,60

- Ase mesmo e como consecuencia da entrada en vigor da Ordenanza sobre Obras e actuacións a realizar na vía pública, que obriga a levar a efecto operacións de ampliacións e fresado das superficies, estímase que deberá incurrirse na retribución o impacto medio que tales obras supoñen no custo unitario. Para a determinación dun custo medio analizaouse o periodo xunio de 2005-xaneiro 2006, constatándose un diferencial por este concepto de 46.539€/ano.

$$99.850,95€ / 39.736.971\text{m}^3 = 0,0025€/\text{m}^3$$

En definitiva u custo unitario, con efectos 1 de xaneiro de 2006, resultará o seguinte:

$$0,5644 €/\text{m}^3 + 0,0025 €/\text{m}^3 = 0,5669 €/\text{m}^3$$

- b) Recuperación do plan de investimentos.- Achégase, a petición da entidade concesionaria o modelo de recuperación dos investimentos comprometidos e das desviacións detectadas sobre a tarifa media, que xa foron obxecto de aprobación ata o exercicio 2004, así como as definitivamente imputables ó ano 2005.

A estrutura do modelo financeiro, os parámetros nel incluídos e a súa forma de cálculo non alteran en forma ningunha as formulacións de tarifa media que serviron de base para aprobación de anteriores expedientes de actualización de retribución e de revisión de taxas.

Nembargantes o anterior, é de significar que o carácter puramente dinámico do modelo financeiro esixe a súa actualización ou axuste ó peche de cada exercicio económico, e en tal sentido debe destacarse a introducción de certas modificacións nas variables que a continuación se explicitan:

- 1º Actualización das desviacións rexistradas no exercicio 2005:

Referidas á tarifa media.- De conformidade coa certificación emitida polo Director de Administración e Finanzas de Aqualia, os resultados de explotación son os seguintes:

Volume de facturación: 39.957.018 m³.

Importe: 32.983.710,90€ (IVE excluído)

A tarifa media real e a seguinte: $\frac{32.983.710,90€}{39.957.018\text{m}^3} = 0,8255€/\text{m}^3$

Tendo en conta que a tarifa media ou retribución aprobada (Xunta de Goberno Local 12/06/2006) ascende a 0,9197 €/m³, a desviación por este concepto supón:

$$(0,9197 - 0,8255) \times 39.957.018\text{m}^3 = 3.763.951,10€$$

- 2º Respecto ó cadro de recuperación de investimentos que se fai figurar como anexo 3 na petición de revisión da retribución da entidade concesionaria, é de significar o seguinte:

- Adquisición de terreos EDAR do Lagares, activada no mes de maio do ano 1996.

Terreos adquiridos para a construción da EDAR do río Lagares.- Con data 10 de abril de 1996, mediante escritura pública outorgada ante o Notario D. José Antonio Rodríguez González, baixo o número 1019 do seu protocolo, esa entidade concesionaria adquiriu unha superficie aproximada de 28,288 m², sobre a que se asenta a EDAR do río Lagares.

Os gastos xerados como consecuencia da dita actuación foron os seguintes:

Importe adquisición:

28.287 m² x 6.000 ptas./m² 169.722.000

Honorarios notario:

Minuta 01/961019	1.824.841	
Minuta 02/960103	1.740	
Minuta 03/960254	<u>23.200</u>	1.849.871

Delegación Consellería de Economía e Facenda:

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.	<u>10.183.320</u>
TOTAL	181.755.101

181.755.101 x 1,11 = 201.748.162 (cifra a recuperar) 1.212.531€, que se activa no modelo de recuperación nos mes de maio de 1996.

- Desviación correspondente á asunción da explotación da EDAR do Lagares entre os meses de agosto a decembro do ano 2000.

A Comisión municipal de Goberno na sesión de data 24 de febreiro de 2000, e de conformidade co informe emitido pola Secretaria Xeral acorda que o tratamento de lamas queda comprendido no concepto da xestión integral do servizo de abastecemento de augas e saneamento, invocándose para iso o número 3 da Base primeiro do Prego de Condicións Económico-Administrativas da concesión.

A entidade concesionaria ofertou facerse cargo do servizo por un importe de 6,7 ptas./kg, o que se traduce nunha cantidade anual de 100.500.000 ptas., sobre unha produción estimada de 15.000 Tm/año. O dito custo deberá ser reducido na cantidade de 27.900.000 ptas., xa consideradas no estudo de explotación da EDAR do Lagares, sobre o que emitiu informe favorable o xefe do servizo de Aforro Enerxético.

Como consecuencia do acordo da Comisión Municipal de Goberno, anteriormente citada, a entidade concesionaria asumiu a prestación do servizo de eliminación de lamas con data 1 de agosto de 2000.

72.600.000 ptas. / 12 x 5 = 30.250.000 ptas. = 181.810€ que se activa entre os meses de agosto e decembro do ano 2000 (en contía de 36.362 €/mes)

- *Investimento correspondente ó cumprimento da Sentencia do Tribunal Supremo.*

A sentencia do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección:Sexta) resolveu estimar o recurso contencioso administrativo, anulando o acordo da Comisión Municipal de Goberno de 27/3/92, que acordou suspender cautelosamente a ordenación de pagamentos derivados do acordo plenario do 28/11/91, e, na súa consecuencia, decidiu recoñecer plena validez e eficacia ó convenio expropiatorio suscrito entre a Comisión Negociadora Municipal e a Comisión Negociadora Veciñal, que fixou a cantidade indemnizadora na suma de 3.000 ptas./m².

E por isto que o cumprimento, nos seus propios termos, da precitada sentencia esíxelles inescusablemente o aboamento inmediato ós titulares expropiados da cantidade total de 184.320.000 pesetas, baseándose nunha valoración unitaria de 3.000 ptas./m², sobre unha superficie total pendente de adquisición de 61.440m², segundo informe do xefe de servizo de Topografía do 31/3/00.

$$\begin{array}{r} 61.440 \times 3.000 = 184.320.000 \\ \text{Notaría} \quad = \quad \underline{4.000.000} \\ \text{TOTAL} \quad = \quad \underline{188.320.000} \end{array}$$

188.320.000 x 1,11 = 209.035.200 (cifra a recuperar) 1.256.330€ que se activa no modelo de recuperación con data marzo 2001.

- *Desviación relativa a asunción de débedas a cargo da administración municipal.*

Corresponde o cumprimento do acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 24 de febreiro de 2000, relativo a asunción por parte da entidade concesionaria da débeda contraída pola administración municipal coa entidade SOGARISA, que figura no cadro de recuperación como desviación activada no mes de marzo de 2001 pola cantidade de 497.760€

- *Execución de investimentos acordados no Pleno desta Corporación (sesión de data 22 de outubro de 2001), activado no mes de novembro de 2001.*

> Modificacións en bombeo emisario EDAR Lagares 210.354 €
> Cúpula dixestor EDAR Lagares 102.172 €

- *Previsión de gastos de transmisión o Concello de Vigo dos terreos adquiridos para a instalación da EDAR do Lagares (28.287m²)*

Así mesmo prevense os gastos necesarios para a transmisión dos terreos ós que se fan referencia do apartado letra a) precedente a favor do Concello de Vigo por tratarse de

terreos que figuran adscritos a un servicio público e a súa propiedade debe rexistrase a favor desta Administración Municipal.

A estimación de gastos é a seguinte:

Custo de venda de terreos ó Concello: (Estimación axustable)

Notarios, rexistro,... = 2.000.000

Impostos (IVE15%) = $181.755.101 \times 16 = 29.080.816$

TOTAL 31.080.816

$31.080.816 \times 1,11 = 34.499.706$ (cifra para recuperar) 207.350€, que se activa no modelo de recuperación xaneiro 2008.

A recuperación dos investimentos agrupados neste apartado supón unha repercusión en tarifa, con efectos do 1 de xaneiro de 2006, de 0,0107€/m³.

3º

Corrección da prognose de demanda do abastecemento para o exercicio 2006, modificándose a previsión inicial de facturación pola realmente demanda, que ascendeu a 39.737.000 m³. Neste sentido parece conveniente resaltar que se continúa observando unha tendencia favorable da evolución da demanda de abastecemento e por tanto das cifras de facturación previstas no modelo económico previsional, elaborado segundo acordo plenario de 9/12/1998, segundo o seguinte detalle:

DEMANDA ABASTECIMIENTO

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUME REAL FACTURADO	DIFERENCIA M ³	VARIACIÓN
2004	35.057*	38.120*	3.063*	+8,74%
2005	35.632*	39.955*	4.323*	+12,13%
2006	36.216*	39.737*	3.521*	+9,72%

*Miles de m³

4º

O tipo de xuro previsto no modelo financeiro para o exercicio 2006 establécese no 6,70%, cunha redución de 1,09 e 1,15 puntos porcentuais con respecto a previsión de evolución desta magnitude establecida no modelo financeiro pola entidade PRICE WATERHOUSE COOPERS, que prognosticaba un tipo de xuro do 7,79% e 7,85% para o primeiro e segundo semestre respectivamente do exercicio económico 2006.

5º

Permanece invariable a prognose de evolución da demanda do abastecemento, introducida no acordo plenario de 9/11/98, que establecía un incremento acumulativo do volume a facturar equivalente o 1,64% a partir do exercicio 1998 se ben as cifras de facturación reflectidas nos anos 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 correspóndese coas realmente xiradas os usuarios do abastecemento.

6º

Os tipos de xuros a partir do ano 2007 coinciden cos establecidos no modelo de cálculo

elaborado pola consultora PRICE WATERHOUSE COOPERS segundo a evolución prevista do custo total medio do dito parámetro, sen prexuízo das actualizacións que procedan unha vez comprobado o custo financeiro real de cada ano.

7º

Actívanse no modelo de recuperación (Anexo 2) investimentos por importe de 15.251.296,69€, cuxa fórmula de financiamento ten o seu encaixe no acordo plenario de data 31/3/2003. A execución das ditas actuacións foi encomendada a entidade concesionaria de conformidade cos acordos adoptados nos órganos municipais e sesións que a continuación se indican:

- Pleno 31/3/2003
- Comisión de Goberno 5/5/2003
- Xunta de Goberno Local 26/4/2004
- Xunta de Goberno Local 2/8/2004
- Xunta de Goberno Local 20/9/2004
- Xunta de Goberno Local 14/12/2005

As actuacións anteriormente referidas serán recuperadas pola entidade concesionaria dende o 1 de xaneiro de 2005, data na que conclúe a amortización total do préstamo da empresa municipal no que se subrogou a entidade AQUALIA, detraendo para isto do canon dispoñible a contía suficiente que permita a cancelación total das ditas obrigas entre a data anteriormente citada e o remate do período concesional.

A inclusión da ampliación do plan de investimentos no modelo financeiro de recuperación efectuouse considerando que a obra executada activase no momento da expedición da documentación acreditativa do pagamento o proveedor (pagaré) e o resto en función do plan de obras previsto, computando un período medio de pagamento de 90 días.

Coas matizacións expostas á tarifa de recuperación do plan de investimentos para o ano 2006, sitúase no 0,3484 €/m³.

8º

Exclúense do modelo de recuperación de investimentos as cantidades que resultaron impagadas polos usuarios de carácter doméstico e industrial así como as contraídas polas Administracións Públicas, entre os exercicios 1991 e 2004 (ambos inclusive), por un importe total de 1.036.151,98€. Motívase o establecemento da dita provisión na eliminación de tensións que se porían de manifesto ó termo do período concesional, todo isto sen prexuízo de que se activen os cobramentos unha vez prosperen as xestións que se realizan en vía de constrinximento.

Como conclusión cabe dicir que a retribución da concesión, con efectos do 1 de xaneiro de 2006 e durante o dito exercicio ascende a 0,9592€/m³, con arranxo a seguinte descomposición de factores:

- Custo unitario: 0,5669 €/m³
- Financiamento explotación EDAR e colectores, (período 1/8/98-31/12/98): 0,0032 €/m³
- Recuperación plan de investimentos 0,3484 €/m³

- Recuperación financeira dos terreos e investimentos EDAR lagares: 0,0107 €/m³
- Canon municipal: 0,0300 €/m³

En consonancia co contido do presente informe esta xefatura PROPONLLE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, tralo conforme da Intervención Xeral a adopción do seguinte acordo:

- 1º Establecer como retribución da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, Aqualia, a cantidade de 0,9592€/m³ de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2006.
- 2º Requirir a entidade concesionaria do servizo para que proceda a ingresar o canon a favor desta Administración Municipal na forma e prazos que establece o prego de cláusulas económica administrativas que rexeu o concurso convocado para o outorgamento da concesión administrativa.
- 3º Interesar da entidade concesionaria do servizo certificacións acreditativas da execución dos investimentos acordadas no Pleno da Corporación Municipal (22/10/2001), que figuran activadas no modelo de recuperación (Anexo 3) no mes de novembro de 2001, por importe de 312.530€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(917).- CONTESTACIÓN Á CONSULTA SOBRE ALCANCE DA EVALUACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO 20060174ATV, ACCESO Ó AEROPORTO DE PEINADOR DENDE O PK 157+000 DA AUTOPISTA AP-9 TM VIGO (PONTEVEDRA). EXPTE. 5017/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 23.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

1. En data 17.04.2007 tivo entrada no Rexistro Xeral Municipal (Doc. nº 70047612) un oficio da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente ao que se acompaña unha copia, en soporte informático, do proxecto: “ACCESO AO AEROPORTO DE PEINADOR DENDE O P.K. 157+000 DA AUTOESTRADA AP-9 TM VIGO (PONTEVEDRA)” (Memoria-resume), promovido por la Dirección Xeral de Carreteras y redactado pola consultora “CIESA, consultora de Ingeniería y Empresa, S.L.”, sobre o sometimento a procedemento de EIA conforme á normativa aplicable (RD lex. 1302/1986, de 28 de xuño).
2. Solicítase deste Concello a súa opinión sobre os impactos máis significativos e os contidos máis relevantes que deban ser tidos en conta na elaboración do estudo de impacto ambiental deste proxecto, así como sobre outras posibles alternativas de actuación, informacións ou normas que deban ser especialmente consideradas polo promotor para a elaboración de dito estudo.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- > RDLex. 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de impacto ambiental.

- > LOUGA (L.9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia).
- > LRBRL (L.7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).
- > LALGA (L.5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- > ROF (RD. 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais).

III. INFORME

1. *En relación coa documentación do proxecto remitido pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e por solicitude do Concelleiro-delegado de Medio Ambiente de data 19.04.2007, a xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, Sra. Santiso Gil, emitiu o 07.05.2007 o seguinte informe:*

“En la memoria resumen enviada por el Ministerio de Medio Ambiente, se proponen 9 alternativas de trazado para realizar la conexión del aeropuerto de Vigo con la autopista AP-9, todas partiendo del mismo punto kilométrico. Se realiza un análisis multicriterio para elegir la alternativa más adecuada. Los criterios de comparación para el análisis fueron: trazado, geología y geotécnica, Medio ambiente, tráfico y funcionalidad, planeamiento urbano, costes y construcción. El presente informe se realiza sólo para el criterio medioambiental siendo los demás objeto de otros especialistas.

La alternativa elegida en la memoria-resumen elegida es la 4, sin embargo, se considera oportuno, que en el Estudio de Impacto Ambiental, se haga una valoración pormenorizada de la alternativa 3, porque parece que su incidencia ambiental es menor que la escogida, ya que:

- *Es la que tiene menor longitud de trazado (732,40 m. frente a 1.304,159 m).*
- *Es la que tiene menor incidencia acústica.*
- *No cruza ningún cauce fluvial, ni tiene tramos en paralelo con cauces fluviales, por lo que también tiene menos incidencia sobre el paisaje.*
- *No tiene incidencia sobre la vegetación y la fauna de hábitats de interés o de medio fluvial.*
- *Es la que tiene menos incidencia sobre espacios naturales protegidos y sobre el patrimonio.*

El único parámetro sobre el que, aparentemente, tiene más incidencia es sobre la población y el poblamiento, porque es la que ocupa mayor superficie de suelo urbano; pero la incidencia sobre este parámetro se obtiene a partir de una fórmula que toma en cuenta la proporción entre la longitud trazado total y la longitud de trazado que afecta al suelo urbano. En el caso de la alternativa 3 la proporción del suelo urbano ocupado, con respecto a la longitud del trazado total es mayor que en el resto de las alternativas, porque la longitud del trazado total es pequeña en comparación con las demás, dónde la proporción es menor porque la longitud del trazado total es casi el doble. La alternativa 3, en términos absolutos ocupa 170 m. de suelo urbano más que la alternativa 4 y 130 m. más que en las otras; pero la alternativa 4 ocupa 572,149 m. más de superficie total.

Además este parámetro tiene bastante peso a la hora de integrar los resultados de las distintas alternativas, por lo que se obtiene un resultado final mejor para la alternativa 4, que sin embargo ocupa 572,149 m. de suelo total, cruza un cauce y discurre 110 m. paralela a un cauce, ocupa 75 m. de hábitat fluvial, y tiene 60 m. de trazado con viaducto y 90 m. dentro de área de protección de elementos del patrimonio.

En todo caso, sería de interés el informe de la oficina de Planeamiento para la valoración de la incidencia sobre el poblamiento del anejo 3 y sobre afección al Planeamiento, del anejo 5”.

> Á vista do indicado neste último extremo do informe da técnica de Medio Ambiente, en data 09.05.2007 solicitouse infome ao respecto da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, quen, a través do seu director de área, emitino o 15.05.2007, sendo do seguinte tenor literal:

“Se emite este informe sobre los aspectos urbanísticos relativos a la “Consulta de la evaluación de impacto ambiental del Proyecto de Acceso al Aeropuerto de Peinador desde el PK 157+000 de la Autopista AP-9 de fecha enero de 2007, presentado en este Concello el 17 de abril de 2007 y remitido a esta Oficina el 14 de mayo de 2007, con solicitud de informe del técnico supervisor de medio ambiente de día 9 de mayo de 2007.

Este Informe se refiere exclusivamente a la incidencia que las distintas alternativas de trazado que se estudian sobre aspectos urbanísticos del término municipal de Vigo, sin entrar en valoraciones de oportunidad. Tampoco se analizan otras cuestiones sectoriales sobre las que deberán informar otros servicios municipales (oficinas de “Medio Ambiente”, “Seguridad, Circulación y Transportes” y “Vías e Obras”).

Conforme a lo solicitado en el informe de 7 de mayo de 20078 por la jefa de la unidad técnica de medio ambiente se informa sobre la valoración de la incidencia sobre el poblamiento, del anejo 3 del estudio y sobre la afección al planeamiento del anejo 5. En la afección al planeamiento se considera, al igual que se hace en la memoria-resumen presentada, tanto el planeamiento vigente (Plan general de Ordenación Urbana PGOU aprobado definitivamente el 29/04/1993), como la revisión del Plan General de Ordenación Municipal (PGOM), con aprobación provisional del 19/05/2006, aun sin aprobación definitiva.

Igualmente se debe considerar el Plan Especial de Protección y Regeneración del Corredor Natural del Río Lagares (Nº de expediente 4584/411), aprobado definitivamente por el Concello de Vigo el 3/07/97 (DOG 15/09/97 y BOP 16/09/97) que también se tuvo en cuenta en la Memoria-Resumen presentada, así como el Plan Director del Aeropuerto de Vigo, aprobado definitivamente por el Ministerio de Fomento el 31/07/2001 (BOE 13/09/2001).

ALTERNATIVAS CONSIDERADAS.-

Se estudian los 4 grupos de alternativas consideradas 1, 2, 3, 4 y, en concreto, las 9 alternativas: 1A, 1B, 1C, 2A, 2B, 2C, 2D, 3 y 4.

INCIDENCIA SOBRE EL POBLAMIENTO Y LA POBLACIÓN.-

Se considera correcta la valoración que se hace en el estudio presentado conforme a los criterios que el propio estudio especifica, por la cual la mayor incidencia en este apartado se considera la producida por la alternativa 3, ya que transcurre íntegramente por suelo urbano, por las instalaciones actuales de la ITV de Vehículos.

INCIDENCIA SOBRE EL PLANEAMIENTO:

A) Plan General vigente (PGOU 93):

Las alternativas del grupo 1 (1A y 1B) atraviesan las siguientes clases de suelo:

- SUELO URBANIZABLE NO PROGRAMADO DEL SUNP PAU COTOGRANDE (SIN DESARROLLAR)*
- SUELO NO URBANIZABLE SNU4 DE PROTECCIÓN DEL PAISAJE Y MASAS FORESTALES (con uno o dos viaductos sobre Río Lagares)*
- SUELO URBANO 4.6.G (Rotonda de acceso al aeropuerto)*

Las alternativas del grupo 2 transcurren por:

-SUELO URBANIZABLE NO PROGRAMADO DEL SUNP PAU COTOGRANDE (SIN DESARROLLAR)
Y la 2 A tiene un tramo de unos 80 metros sobre SUELO NO URBANIZABLE SNU4 DE PROTECCIÓN DEL PAISAJE Y MASAS FORESTALES

La alternativa 3 afecta a:

SUELO URBANO 4.6.G (Instalacione sde la ITV, en falso tunel), y el resto:

-SUELO URBANIZABLE NO PROGRAMADO DEL SUNP PAU COTOGRANDE (SIN DESARROLLAR)

La alternativa 4 afecta a :

-SUELO URBANIZABLE NO PROGRAMADO DEL SUNP PAU COTOGRANDE (SIN DESARROLLAR)

SUELO NO URBANIZABLE SNU4 DE ESPECIAL PROTECCIÓN DEL PAISAJE Y MASAS FORESTALES (con un viaducto sobre río Lagares)

B) PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DELL CORREDOR NATURAL DEL RÍO LAGARES (1.997)

Las alternativas 1A y 1B inciden en unos 300 metros sobre la ZONA DE INTERES NATURAL (ZIN LAGOA)

La alternativa 4 incide en unos 50 metros (en viaducto)sobre la ZONA DE INTERES NATURAL (ZIN LAGOA)

C/ PLAN DIRECTOR DEL AEROPUERTO (2.001).-

Afectan a la zona de servicio aeroportuaria definida en dicho Plan las siguientes alternativas:

Alternativas 1, 2A, 2B, 2C, 2D,

Y en todos los casos, la rotonda que se plantea al final de la AP-9, Avenida de Ramón Nieto (llamada así en el estudio, en realidad Avenida del Tranvía) , Acceso al Aropuerto e IFEVI se sitúa sobre zona de servicio aeroportuario.

Las alternativas 2 y 3 , al proponer la variante a la Avenida del Aeropuerto evitan la incidencia sobre el Plan Director del Aeropuerto y la zona de servicio aeroportuario, resolviendo el enlace entre la AP-9 y la N-555 exteriormente. En tal sentido, para coordinar la propuesta con la planificación aeroportuaria, se recomienda que el expediente sea conocido e informado por AENA.

1. D/ REVISIÓN DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (Aprobación Provisional 19/05/2.006).-

Las alternativas del grupo 1 (1A y 1B) atraviesan las siguientes clases de suelo:

-SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SRPI , DEL SISTEMA GENERAL AEROPORTUARIO

-SUELO URBANO CONSOLIDADO , ORDENANZA 10-1

Las alternativas del grupo 2 transcurren por:

-SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SRPI , DEL SISTEMA GENERAL AEROPORTUARIO

La alternativa 3 afecta a SUELO URBANO DEL SISTEMA GENERAL DE EQUIPAMIENTOS DEL IFEVI

La alternativa 4 aparece recogida básicamente y transcurre, por lo tanto, por terreno previsto para viario, por lo que no precisaría de modificación de planeamiento.

CONCLUSIONES:

1ª/ La Memoria-Resumen para Consulta medioambiental presentada valora correctamente la incidencia del trazado de las distintas alternativas sobre el planeamiento municipal.

2ª/ La revisión del Plan General de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente el 19 de mayo de 2006, pendiente de aprobación definitiva, recoge sustancialmente el trazado que figura como ALTERNATIVA 4, y que es la alternativa propuesta en el estudio.

3ª/ Desde el punto de vista urbanístico, tanto por las menores afecciones sobre la población, el planeamiento y expropiaciones, como por la supresión del tráfico a través de la zona de servicio aeroportuario, con la variante a la Avenida del Aeropuerto que conecta la AP-9 con la salida a Redondela (N-555) se entiende la más favorable la ALTERNATIVA Nº 4, que es precisamente la elegida.

4ª/ La comparación que se hace entre las alternativas 3 y 4 por parte de la Jefa de la Unidad Técnica de Medio Ambiente en su informe de 7 de mayo de 2007 no se comparte ya que no se tratan de alternativas comparables homogéneamente y si bien pudiera parecer que la afección de la alternativa nº 3 es menor lo es porque no efectúa la variante de la avenida del Aeropuerto que enlaza la Avenida del Tranvía, la AP-9, la N-555 y la Avenida del aeropuerto exteriormente a la zona de servicio del aeropuerto. De añadirle esta variante, que figura en las alternativas 2 y 4 y que evita la afección sobre el Plan Director del Aeropuerto, su afección sería superior.

Este es el informe que se emite desde la oficina de planeamiento y gestión de la Gerencia municipal de urbanismo, para a su consideración por el órgano municipal competente y su remisión, si procede, a la Dirección General de calidad y evaluación ambiental de Ministerio de Medio Ambiente”.

IV. PROPOSTA

Polo que antecede, proponse a Xunta de Gobierno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Prestar conformidade aos informes da xefa da unidade técnica de Medio Ambiente e do director de área de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, transcritos na parte expositiva deste acordo, en relación coa documentación remitida pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente do proxecto “ACCESO AO AEROPORTO DE PEINADOR DENDE O P.K. 157+000 DA AUTOESTADA AP-9 TM VIGO (PONTEVEDRA)”, promovido pola Dirección Xeral de Estradas e redactado pola consultora “CIESE, consultora de Ingeniería y Empresa, S.L.”, significando que, dende o punto de vista urbanístico, enténdese como a máis favorable a alternativa nº 4.

SEGUNDO: Remitir urxentemente certificación oficial deste acordo á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente”.

Acordo

A Xunta de Gobierno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(918).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO MASTER/CURSO POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO. EXPTE. 2895/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 15.05.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 7.05.07, conformado pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas nos servizos dependentes da Concellería da Muller por parte do alumnado do curso 2006-2007 de Posgrao en Estudos de Xénero da Universidade de Vigo, que de seguido se transcribe:

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO MÁSTER/CURSO PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO

Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG. nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende, Vigo, código postal 36310 de Vigo.

E doutra, D.ª Lucía Molares Pérez, como Concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local de Vigo, con CIF P-3605700-H e razón social Excmo. Concello de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e, en concreto ás do sector das necesidades presentadas polas mulleres, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do estudantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre a empresa e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector e polas institucións e organizacións que atenden a mulleres.

Cuarto: A impartición do “Máster/curso de posgrao Estudos e Xénero” pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para os/as estudantes do devandito máster/curso de posgrao e as empresas do sector público no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real Decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94 de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do “Máster/curso de posgrado Estudos de Xénero” de acordo coas seguintes normas:

Poderán participar nas prácticas os/as estudantes do citado Máster/curso de posgrao impartido durante o curso 2006-2007.

O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 90 horas, realizándose preferentemente (no caso de que haxa preferencias).

As prácticas realizaranse en algún dos servizos de atención a mulleres dependentes da concellería da muller do Concello de Vigo (localización se se sabe).

O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/á estudante unha visión global da empresa.

A duración calendario e horario das prácticas precisarase coa empresa no marco do presente convenio.

A empresa designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación.

O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral con Concello de Vigo, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de novembro.

A dirección do Máster/curso de posgrao subscribirá, previo ao inicio das prácticas dos/as estudantes, unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente profesional dos mesmos durante as prácticas, incluíndo os desprazamentos ida e volta á empresa, así como os que puideran producirse cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas.

O Concello de Vigo non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroque expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante en concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- Protección de datos

De Conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse a Axencia Española de Protección de datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obriga a cumprir o deber de secreto antes citado.

TERCEIRA.- Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por D/na. Purificación Mayobre Rodríguez e D/na. Beatríz Suárez Briones como representantes da Universidade de Vigo e por D/na. Lucía Molares Pérez, concelleira delegada da área e D/na. Cristina Gómez García, técnica do Departamento da Muller, representantes de Concellería da Muller do Concello de Vigo coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

CUARTA.- Consignación orzamentaria

Este convenio non supón gasto algún para o Concello de Vigo nin para a Universidade de Vigo, razón pola que non precisa de consignación orzamentaria.

QUINTA.- Vixencia

A duración do presente convenio será dun ano e será prorrogable automaticamente agás denuncia por algunha das partes, que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses antes do remate do período de vixencia.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

17(919).- CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IDEAS “MOLLÉMONOS. O CAMIÑO ELÍXELO TI” 2007/2008. EXPTE. 2915/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 16.05.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 9.05.07, conformado pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria do “Concurso de ideas Mollémonos.O camiño o elíxes ti” para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2007/2008 da Concellaría da Muller , que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Convocar o antedito concurso de ideas e publicar o anuncio na prensa local e no Boletín Oficial da Provincia.

BASES DO CONCURSO DE IDEAS “MOLLÉMONOS. O Camiño elíxelo ti” PARA A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA DE FORMACIÓN E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NA CONVOCATORIA 2007/2008 DA CONCELLERÍA DA MULLER

Esta actividade consiste nun programa de formación e animación sociocultural que a concellería da muller en colaboración coas asociacións de mulleres de ámbito parroquial ou de barrio de Vigo ofrece ás mulleres adultas de Vigo no periodo de outubro de 2007 a xuño de 2008 nos locais das propias asociacións adheridas.

O aprovisionamento de programas e do persoal que os execute realizarase seguindo as seguintes fases:

- Convocatoria do concurso de ideas no que as persoas interesadas presentarán as súas propostas.*
- Selección das propostas, de acordo cos criterios de selección da cláusula sexta das bases, pola comisión de selección e seguemento do programa, constituída de acordo coas especificacións da cláusula quinta das bases.*
- Oferta das actividades seleccionadas ás asociacións da muller adheridas ao programa e selección por estas das que se realizarán en cada asociación e cuatrimestre.*
- Adxudicación dos proxectos segundo as prioridades establecidas polas asociacións e vocalías da muller.*
- Contratación dos proxectos seleccionados ao abeiro dos art. 201 ou 210 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos ao non poder exceder o contrato dunha contía de 30.050,61 €.*
- Desenvolvemento da actividade e da avaliación do programa.*

As destinatarias destas intervencións son as mulleres adultas de Vigo, que se matriculan nas vocalías ou asociacións de mulleres adheridas ao programa.

Có obxecto de iniciar o a primeira fase do programa, convócase o concurso de ideas “Mollémonos. O camiño elíxelo ti” para seleccionar os proxectos de actividades e monitoraxes que se impartirán no programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2007/2008 da Concellería da Muller , de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- Este programa enmárcase nos obxectivos do “III Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007” aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 10 de outubro de 2005, e especificamente a finalidade do programa persegue:

- 1º.- A preparación e formación das mulleres naquelas tarefas e habilidades tradicionalmente realizadas por homes para conquistar a igualdade real na vida cotiá.*
- 2º.- O fomento do emprego a través da selección dos proxectos e a contratación de monitoras/es e animadoras/es socio-culturais*
- 3º.- A adquisición de habilidades sociais, coñecementos e hábitos de vida saudables.*
- 4º.- A promoción da participación social das mulleres do movemento veciñal e cultural de Vigo*

A metodoloxía empregada propiciará, desde unha perspectiva de xénero, a participación das alumnas, o traballo en grupo e uso do galego como lingua de relación.

5º.- *Divulgación do programa*

SEGUNDA.- Poderán presentar ofertas para a participación neste concurso de ideas as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades veciñais, culturais e deportivas que teñan, pola súa finalidade ou actividade, relación directa co obxecto do programa e dispoñan da cualificación e organización suficiente, con elementos persoais e materiais axeitados, para a súa debida realización.

TERCEIRA.- No marco do “III Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007”, as actividades e/ou proxectos que se presenten ao concurso versarán necesariamente sobre algunha ou a totalidade das seguintes materias ou lotes:

1º.- Formación para acadar a igualdade real na vida cotiá: mecánica, fontanería,electricidade, pequenas reparacións domésticas, etc

2º.- Formación persoal e artística. Non se admitirán proxectos de manualidades textiles nen os relacionados directamente cos traballos domésticos tradicionalmente realizados polas mulleres: habilidades sociais, idiomas, informática, fotografía, superación de conflitos, técnicas e habilidades para facilitar o acceso ao emprego e/ou fomentar o autoemprego feminino, etc.

3º.- Formación sobre a Igualdade de Oportunidades e a perspectiva de xénero: módulos sobre educar para a igualdade, coñecementos sobre os dereitos, recursos e servizos para as mulleres, eliminación de estereotipos sexistas, visibilización e recuperación da aportación das mulleres á historia a través da arte, literatura, ciencia, etc.

4º.- Obradoiros preventivos en prol de hábitos de vida saudable: detección precoz de enfermidades, auto observación e coñecemento do propio corpo, primeiros auxilios, a imaxe/xénero e trastornos de alimentación, coidar a quen coida, relacións afectivo-sexuais, autoestima e valoración persoal, masaxe, educación física, técnicas de relaxación, etc.

Os proxectos que se presenten para a realización dos cursos obxecto da convocatoria sinalados nos lotes 1,2,3, e 4 non poderán superar o prezo de 33.00 euros por hora. A cantidade ofertada incluírá os impostos e a deducción correspondente ao IRPF.

5º.- Medios de divulgación do programa, as ideas que se presenten neste lote axustaránse as seguintes condicións:

.- O importe do proxecto non poderá superar a contía de 12.000 euros.

.- O proxecto especificará o número de todo o material publicitario proposto e que considerará como mínimo: 1.000 carteis, 10.000 folletos (5000 folletos para cada un dos cuatrimestres), anuncios publicitarios en medios de comunicación como prensa e radio (insercións en cada un das dúas fases do programa), ademais doutros produtos publicitarios que se poidan proponer para as alumnas como: carpetas, bolígrafos, gomas, lapis, adhesivos, blocs, etc.

A proposta incluírá o deseño do material e propostas para unha nova denominación do programa en consonancia cos obxectivos dos cursos especificados na base primeira e terceira do concurso.

A adjudicataria elaborará o deseño e realizará a edición, impresión e a distribución de todo o material ofertado en 100 puntos da cidade de Vigo. A distribución realizarase en dos etapas: unha ao comenzo do programa e a segunda ao inicio do segundo cuatrimestre.

CUARTA.- A persoa ou persoas interesadas en participar neste concurso de ideas presentarán a documentación requirida seguindo as seguintes instrucións:

1) DOCUMENTACIÓN

Presentarase:

a) O proxecto da actividade que se achegará cumplimentando os anexos II, III e IV e que se cubrirán cos datos de cada unha das/os monitoras/es que participan na proposta (anexo I), cos proxectos dos cursos que se oferten (anexo III) e cun resumo dos proxectos presentados (anexo IV) que consiste nunha ficha/resumo, que o Concello enviarálles ás asociacións e vocalías cos cursos seleccionados. Estes anexos deberán estar cubertos a máquina ou con letra maiúscula de cor negra.

b) Documentación que se exige para os efectos de garantir a viabilidade e a realidade das ideas presentadas a fin de que o ulterior procedemento de contratación non quede deserto. Cumplimentarase a declaración xurada, segundo o modelo do anexo I, na que declara que no caso de ser seleccionada a súa proposta está en condicións de achegar a seguinte documentación, que entregarán debidamente compulsada :

1. As persoas físicas deberán presentar fotocopia compulsada ou legalizada do Documento Nacional de Identidade .
2. As persoas xurídicas deberán presentar:
 - Fotocopia compulsada ou legalizada da escritura de constitución da sociedade e das súas modificacións, así como escritura de apoderamento, verificada polo secretario xeral ou letrado do Concello, da persoa asinante da proposición.
 - Fotocopia compulsada ou legalizada do CIF.
3. Xustificante da alta no Imposto de actividades económicas no seu caso.
4. Certificado de carecer de débedas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
5. Acreditación da solvencia técnica e económica en todos os casos.
6. Certificación da entidade bancaria onde conste o número de conta da adxudicataria.

c) Os documentos que acrediten a formación académica, titulación, colexiación e experiencia das/os monitoras/es e que lles faculta para a realización dos cursos que ofertan. Só se admitirán orixinais ou copias compulsadas. No caso de que xa teñan sido entregados con anterioridade estes documentos na Concellaría da Muller non será preciso entregar nova copia, máis que dos novos méritos acadados.

Os proxectos, preferentemente, presentaranse en galego e nos impresos que se achegan como anexo.

2) FORMA:

A documentación presentase nun sobre pechado, no que deberá incluírse a documentación reseñada no apartado primeiro desta mesma base, e no que figurará por fóra a seguinte inscrición:

“Proposta que presenta para o concurso de ideas “Mollémonos. O camiño elíxelo ti” do programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2007/2008 da Concellaría da Muller ”.

3) PRAZO, LUGAR E HORA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os proxectos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por correo, na forma determinada pola lexislación vixente; no prazo de vinte días naturais seguintes á publicación do anuncio do concurso de ideas no Boletín Oficial da Provincia. Ademais desta publicación o concurso poderá ser anunciado noutros medios de comunicación.

QUINTA.- A preselección dos proxectos presentados a fará unha comisión presidida pola Concelleira da Muller e composta por unha Concelleira de distrito, a vicepresidenta do Consello Municipal da Muller e unha representante das vocalías da muller da “Federación Veciñal Eduardo Chao” que participa no programa, e polo persoal técnico municipal que se designe.

SEXTA.- A comisión de valoración dos proxectos ofertados seleccionará os cursos tendo en conta os criterios que se sinalan a continuación por orden de importancia :

1. Adecuación do proxecto aos obxectivos do programa
2. Seleccionarase a mulleres monitoras nos lotes 2 (cursos de “formación persoal e artística”), 3 (cursos de “formación sobre a Igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero”), 4 (“obradoiros preventivos en prol de hábitos de vida saudable”). Nos cursos que contemplan materias do lote 1: “formación para acadar a igualdade real na vida cotiá” poderán presentarse ofertas de homes monitores, priorizando o Concello a selección de mulleres monitoras se presentan proxectos de igual calidade.

Estas accións positivas contémplanse no marco das disposicións comunitarias sobre a igualdade de oportunidades das mulleres, e a nivel autonómico na Lei galega para a igualdade de mulleres e homes: Lei 30/2004, do 16 de xullo (capítulo VI)

3. Calidade do proxecto para desenvolver:
 - cualificación do equipo de traballo
 - planificación que permita unha eficaz realización
 - claridade e coherencia interna da proposta
4. A novidade do proxecto consonte cos obxectivos e prescricións do programa
5. Oferta económica presentada
6. Calquera outro aspecto relacionado cos anteriores que mellor contribúa ao fomento das accións positivas a favor das mulleres.

SÉTIMA.- As ideas que resulten preseleccionadas pola comisión segundo o procedemento establecido na base quinta e sexta serán enviadas ás asociacións e vocalías da muller adheridas ao programa para que comuniquen á concellaría da muller, no prazo establecido para elo, a súa elección.

OITAVA.- Unha vez seleccionados os proxectos polas asociacións e vocalías da muller, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución da aprobación das ideas seleccionadas ou a desestimación das propostas. A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. A Xunta de Goberno Local ten a potestade de deixar deserto o concurso, en todo ou en parte, se os proxectos non satisfacen plenamente ós obxectivos municipais en materia de promoción da muller recollidos na programación . Tamén está facultada para resolver as eventualidades non previstas nestas bases.

Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcurre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdicción contenciosa administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses. Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

NOVENA.- Unha vez aprobados os proxectos pola Xunta de Goberno Local acudirase ao procedemento de contratación via contrato menor ou negociado segundo o estipulado na normativa vixente.

DÉCIMA.- A participación neste concurso de ideas supón a aceptación de todas e cada unha destas bases.

18(920).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DE CARROCEIRAS DE VEHÍCULOS INFERIORES A 3500 KG (ANOS 2007-2008). EXPTE. 4769/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 7.05.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Talleres Fontan, S.L. a prestación do servizo de reparacións de carrocería de vehículos inferiores a 3500 Kg. durante os anos 2007 e 2008, expte 4769/445, por un importe máximo anual de 20.000 euros e un prezo hora de man de obra de reparación de carrocería de 35,96 euros, un prezo hora de man de obra de pintado (incluído pintura) 41,35 euros uns descontos dos repostos respecto das tarifas oficiais do 10%, un prazo de garantía 630 días nas reparacións e de por vida nas pinturas. Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05.03.2007 e a oferta presentada

19(921).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE NA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO. EXPTE. 21054/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 14.05.07, conformado polo xefe de Área de Contratación, a delegada do Goberno da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 60.000 euros/ano euros para a prestación dos servizos de Prestación do servizo de seguridade na Unidade Asistencial "CEDRO" que se imputarán á partida presupuestaria 41232270100 do vixente presuposto e dos anos 2008 e 2009.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 08.05.2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de seguridade na Unidade Asistencial "CEDRO".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

20(922).- ABOAMENTO DE COTAS DA COMUNIDADE DE VIVENDAS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA, 12-14. EXPTE. 18045/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e o interventor xeral, que di o seguinte:

Por parte da Xestora de comunidades e Administradora de Finacas “Maigler”, solicitan o abono á Comunidade de Propietarios do Inmoble da rúa República Argentina nº 12-14, por parte deste Concello, da cantidade adeudada en concepto de “cuotas de propietarios”, polos pisos da súa propiedade nos mencionados edificios.

A propiedade por parte do Concello de Vigo resulta acreditada segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa Republica Argentina 12-14, e constituino en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adxudicaronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

As citadas vivendas atopábase pendentes de inscrición rexistral, como fincas independentes.

O importe adeudado por parte do Concello ata o mes de marzo de 2007, ascende, segundo copias das actas de comunidades de propietarios que se achegan no expediente, á cantidade de 6.409,05 euros.

O importe de dito gasto poderase cargar a na partida 12102120005, Mantemento e Comunidades, do vixente presuposto.

Según a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmoble deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmoble, estimase oportuno proceder o pago da debeda .

Polo anteriormente exponse, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmoble sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 6.409,05 euros, quedando liquidada a debeda coa Comunidade de propietarios ata o 31 de marzo de 2007, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(923).- RECLAMACIÓN DE D. CESAR A. OUTERELO GONZÁLEZ (BIENVENIDA ALVAREZ CARRERA) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 905/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 8.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Bienvenida Álvarez Carrera, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 7 de setembro de 2005 Dna. Ana Cruz Pousa Álvarez, ó circular co vehículo de propiedade da Sra. Álvarez, matrícula PO-2447-BJ, pola avenida de Madrid, tivo un accidente, á altura dun grupo semafórico, ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 07/09/2005, no que o axente actuante manifesta que foi testemuña presencial de cómo a Sra. Pousa introducía o vehículo na focha, reventándose a roda dianteira dereita.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/02/2006, no que indican a existencia da focha, debida probabelmente á rotura ou fuga da rede de sumidoiros, e que esta anomalía foi arranxada posteriormente por conta de Aqualia.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 23/02/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 000804 de Lavado Tomiño, S.L, presentada pola reclamante, por un importe de 249,28 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 23/03/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 10/04/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa producto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No expediente, resulta acreditado que o interesado sufriu danos nunha llanta do seu vehículo ó estar a vía pola que circulaba atravesada na súa totalidade por unha gran focha que se atopaba sen sinalizar. De conformidade co informe do servizo de Vías e Obras do Concello, a dita focha pertence a Aqualia (acometida de saneamento), a que, en trámite de audiencia, acepta a súa responsabilidade e o aboamento dos danos valorados en 249,28 euros.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. César A. Outerelo González en nome e representación de Dna. Bienvenida Álvarez Carrera.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á Sra. Álvarez na contía de 249,28 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(924).- RECLAMACIÓN DE D. ESTEBAN BALADRÓN COSTAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 898/242. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 8.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Esteban Baladrón Costas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 11 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Fragoso, á altura do número 54, sufriu unha caída, tras tropezar nun ferro desoldado dunha reixa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo da Policía Local, de datas 30/01 e 16/02/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 02/03,2006, no que indican que o lugar do accidente se trata dunha reixa dun sumidoiro e que o mantemento dos sumidoiros é competencia da concesionaria U.T.E Aqualia/FCC.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de data 17/04/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/04/2006.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 879,84 euros.*
- *Informe do servizo de Urgencias Sanitarias (061), de data 07/06/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 18/07/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 24/07/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resulta que:

- D. Esteban Baladrón Costas recibiu asistencia médica no servizo recibiu asistencia médica no servizo de Urgencias de Povisa en data 11/01/2006 a consecuencia dunha caída accidental, segundo se refire nel, lesións físicas que o informe médico solicitado ó efecto valora en 609,40 euros.*
- Se ben o reclamante di que hai informe policial dos feitos, solicitado este á Policía local de Vigo, infórmase o 30/01/2006 que non hai constancia de ningunha intervención levada a cabo.*
- O servizo de Urgencias sanitarias 061 informa o 07/06/2006 de que recibida alerta o día de data 21:13 horas, enviouse ó lugar na rúa Fragoso á altura do número 54 unha ambulancia, onde unha persoa refire que sufriu unha caída presentando un traumatismo en membro inferior. O parte de asistencia non o facilitan por canto ten que o solicitar o propio afectado.*
- Solicitado informe a Vías e Obras, e emitido este nel se di que a reixa onde o reclamante di que tropezou é unha reixa de sumidoiro, que ocupa 1 m² e é visíbel a 5 metros.*

Pola súa banda na inspección in situ realizada o 26/04/2006 ó lugar obsérvase que na beirarrúa hai unha reixa metálica apoiada na fiestra do baixo do número 54 da rúa Fragoso, baixo no que se desenvolvía a actividade de lavado de vehículos, polo que hai a sospeita que quen desenvolvía a actividade colocouna aí para facilitar o

acceso dos vehículos ó local e a actividade está abandonada. Nesta data procédese a comunicar que se retire a reixa así como o resto instalado e a barra metálica diante do sumidoiro.

Cuarto.- De todo o anterior resulta en primeiro lugar que non resulta acreditado que os feitos tiveron lugar tal e como o reclamante indica, por canto nin hai testemuñas deles nin tampouco actuou a Policía local. Así mesmo, se ben corresponde ó reclamante presentar as probas diso, oficiouse ó servizo do 061, o que efectivamente certifica que no lugar prestouse asistencia a unha persoa ese día, pero non identifica á persoa, por canto iso é á propia petición do interesado.

Por outra banda, a presentación dunha factura dun reloxo nada proba nin da súa rotura nin de que foi a consecuencia dunha caída no lugar e data indicadas. Polo tanto, procede desestimar a reclamación presentada, por canto as alegacións do reclamante como única proba presentada non pasan de ser unha mere tese argumental que aboca á inviabilidade da pretensión exercitada (ditame Consello Consultivo Galicia, entre outros, 2/2005).

En todo caso, das actuacións do expediente despréndese a intervención dun terceiro na colocación do dito obstáculo na rúa, alleo á Administración, e é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da Administración cando é a conduta dun terceiro ou do prexudicado a única determinante do dano producido, por canto a causa é allea ó servizo que presta a Administración. Cómpre destacar que ó carón da devandita reixa, que ocupa a calzada, atópase un paso peonil que evindetemente non utilizou, no seu caso, o prexudicado.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Esteban Balandrón Costas, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(925).- RECLAMACIÓN DE D. MARÍA DE LOS ÁNGELES DE LAS HERAS CÁMARA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 895/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 8.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María de los Ángeles de las Heras Cámara presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 11 de febreiro de 2005, mentres camiñaba polas escaleiras que comunican a avenida de Madrid coa estrada Provincial, sufriu unha caída, debido ó mal estado das devanditas escaleiras, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Inventario Municipal, de data 08/02/2006, no que indican que o lugar mencionado pola Sra. de las Heras no seu escrito é de titularidade municipal*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/02/2006, sobre o estado das escaleiras.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 16.959,43 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 29/06/2006, á testemuña proposta pola reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 29/06/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, solicitado ditame médico ó efecto, emítese en data 22/05/2006, estimando un total de 273 días de incapacidade, dos que 18 son de hospitalización, e valora os danos corporais nun total de 16.959,43 euros.

A solicitante, no seu escrito de data 09/03/2006 achega declaración na que manfiesta a percepción durante toda a baixa laboral que tivo a consecuencia do accidente dunha indemnización na contía de 102,63 euros semanais, que lle ingresou a Mutua Montañesa.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Resultan feitos acreditados no expediente:

- Que a reclamante saía do seu traballo, situado na avenida Madrid nº 32, o día 11/02/2005 entre as 13:45 e as 13:50 horas cando nas escaleiras situadas á altura do número 42 da dita avenida, esvarou causándose danos físicos.
- Consonte co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras, as escaleiras onde tivo lugar a caída atópanse en xeral en mal estado, o que se aprecia con asomarse a elas, extremo que confirma a testemuña proposta, compañeiro de traballo da reclamante, quen di que “as escaleiras están feitas un cristo”, que están mal, aprécianse a moita distancia, uns 100 metros. Así mesmo, di que o día dos feitos había boa visibilidade, sendo de día e a mediodía.

Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, concretamente a caída prodúcese ó saír do traballo. Era polo tanto coñecedora do mal estado da beirarrúa, como a mesma manifesta e a testemuña proposta tamén.

Cuarto.- Polo tanto, demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior das irregularidades das escaleiras, é presumíbel que soamente un despiste ou distracción puido propiciar a caída (ditame Consello Consultivo Galicia 380/2006) por canto os ditos defectos son apreciábeis por un viandante medio e non se coñece na interesada disfunción psíquica ou física que xustifique unha ponderación inferior, procede non estimar a reclamación, ó obedecer o accidente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano, calificándoo como accidente común.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación patrimonial formulada por Dna. María de los Ángeles de las Heras Cámara polos danos físicos ocasionados por unha caída ocorrida o día 11 de febreiro de 2005 nas escaleiras que comunican a avenida de Madrid coa estrada Provincial”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(926).- RECLAMACIÓN DE D. MARÍA JESÚS MARTÍNEZ GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 891/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Jesús Martínez Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 3 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Doctor Cadaval, á altura do número 17, sufriu unha caída como consecuencia do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 03/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Martínez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a*

existencia dunha lousa solta na beirarrúa e dos danos físicos (feridas na man, antebrazo e xeonllo) e materiais (rotura dun abrigo) sufridos pola reclamante.

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/02/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 383,51 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións mais presenta nova documentación en data 22/03/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade,

polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Dna. María Jesús Martínez Gómez caeu o día 03/01/2006 na rúa Doctor Cadaval á altura do número 17, ó tropezar cunha baldosa solta na beirarrúa producíndose, consonte co parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar e de acordo co servizo de asistencia en Urgencias na data, erosións na man e antebrazo dereitos, nos dous xeonllos e dor nun dedo da man esquerda. O ditame médico solicitado ó efecto valora as lesións en 280,06 euros, por canto di que non tería que precisar para a súa curación máis de 10 días de curación, considerándose de incapacidade parcial para as súas actividades habituais.
- De acordo co parte de servizo da Policía Local, a cosnequencia da caída rompeu un abrigo de tela que levaba.
- Se ben se solicitou informe ó servizo de Vías e Obras do lugar dos feitos, este non constatou ningún defecto na beirarrúa, o que se contradi co da Policía Local que comprobou a baldosa solta.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que a escordadura cervical que padece o fose a consecuencia da caída no lugar e día referenciados, por canto no parte de asistencia en urxencias nada se di ó respecto e como se di no informe médico solicitado nel xa se indica como antecedentes que a lesionada permanecía a tratamento médico con antiinflamatorios por problemas musculares.

Tamén, se ben nun primeiro momento achega respecto ó abrigo deteriorado unha factura pro forma dun abrigo por valor de 120 euros, posteriormente achega outra de 380 euros, dun abrigo de la, indicando que a súa composición é similar á do abrigo deteriorado, o que tampouco se pode aceptar por canto a Policía Local fala dun abrigo de tela e non de la.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Estimar en parte a reclamación patrimonial formulada por Dna. María Jesús Martínez Gómez polos danos ocasionados por unha caída acaecida o día 3 de xaneiro de 2006 na rúa Doctor Cadaval e indemnizala coa contía de 400,06 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(927).- RECLAMACIÓN DE D. LUIS BASTOS REY DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 589/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Luís Bastos Rey presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de abril de 2005, no que expón que o día 11 de xaneiro de 2003, o Sr. Bastos circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula PO-7289-AX, pola rúa Cantabria e, á altura do número 290, esvarou por mor dunha placa de xeo existente na vía formada pola auga que rebotaba das gabias atascadas, producíndose danos físicos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 11/01/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaban a existencia de xeo na pista, ocasionado polas baixas temperaturas o pola auga que rebosaba da gabiá que canaliza as augas pluviais, non se atopando o Sr. Bastos; así mesmo estenden algo de sal para evitar outros accidentes.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 13/09/2005.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 15.031,53 euros.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 14/02/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Resulta, polo tanto, preciso constatar a existencia dun dano avaliabel economicamente e individualizado economicamente e individualizado como requisito esixíbel segundo o artigo 139 da Lei 30/1992.

E así, hai constancia no expediente da asistencia médica que D. Luís Bastos Rey recibiu no servizo médico de Urxencias da Clínica Fátima de Vigo, en data 11/01/2003, data na que di que acaeceron os feitos, así como diversos informes de asistencia sanitaria.

Destas lesións solicitouse ditame médico, que foi emitido o 18/11/2005 e no que, de conformdiade co que dispón o artigo 89.5 da Lei 30/1992, se di “En principio se trata de un paciente que tras una caída sufre una luxación acromio-clavicular derecha, se le pautó tratamiento conservador y según informe del Dr. Frutos, de Cartagena, a

fecha 04/06/03, es decir, casi 5 meses después del accidente le recomienda la I.Q. Curiosamente a fecha 20/06/03, es decir, 16 días después de la recomendación, se le realiza el estudio de RMN de hombro derecho y con fecha 12/07/03 refiere haberse caído en barco quedándose colgado de los hombros y de los huecos poplíteos, es decir, debía de estar trabajando. Con fecha 28/10/03 vuelve a coger la baja y es dado de alta con fecha 01/03/04 por curación. Por todo ello, considero que precisó del 11/01/03, fecha del accidente, hasta el 10/04/03, fecha de alta de la Dra. Carolina de Miguel Bendiba, considerando 40 días de incapacidad total y 49 de incapacidad parcial. En cuanto a la baja para proceder a la I.Q. se computa desde el 28/10/03 hasta el 01/03/04, considerando 60 días de incapacidad total y 64 de incapacidad parcial. Como secuelas indicar (41040), dado que sólo perdió 60° de movilidad se asignan 2 puntos; (41049) si se valoran 60° como normal y perdió 10°, se le asigna 1 punto y por último (90010) se le asignan 5 puntos, incluyendo la cicatriz de la I.Q. y la profusión. Por otro lado, en mi opinión no se tuvo en cuenta el informe de la RMN realizada el 20/06/03 donde se apreciaban importantes cambios degenerativos y patología crónica que en mi opinión han sido obviados de manera voluntaria. Hospitalización Sí. Cirugía Sí (resección del extremo distal de la clavícula). O dito informe valora as lesións en 15.031,53 euros.

Terceiro.- Unha vez determinado un dano avaliábel economicamente resulta preciso constatar a existencia ou non da relación de causalidade que ten que existir entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida, para o que a constatación dun dano non é suficiente senón que é preciso a demostración de que o dito dano se produciu, efectivamente, nas circunstancias indicadas, ó ser estas as que configuran, consonte co que di o reclamante no seu escrito de reclamación, o vínculo causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Examinando as probas que o reclamante propón, resulta que estas son ademais da asistencia sanitaria prestada, fotografías feitas ó lugar onde di acaeceron os feitos, informe da Policía de Vigo de 29/07/2003, así como partes números 4 e 11 de Réxime Interior de data 13/01/2003.

Respecto ás fotografías que se achegan, obsérvase que non están datadas, co que puideron ser tomadas en calquera momento posterior a 11/01/2003 e anterior ó 29/04/2005, data da entrada da solicitude. O informe da Policía Local de Vigo de 29/07/2003 di que hai constancia dunha intervención realizada por unha dotación policial no lugar e data indicadas de que, avisados pola central, persoáronse no lugar e que, debido ó aceite derramado (que despois se comprobou que eran capas de xeo da auga reboasada das cunetas), o condutor dun ciclomotor caera, estandoausente á chegada dos actuantes.

Os partes de servizo números 4 e 11 solicitados a instancia do reclamante e datados o 13/01/2003, isto é, dous días despois da asistencia médica prestada refírense a intervención na rúa Ramón Nieto – rúa Cantabria debido a un accidente de tráfico na data e varias saídas de vía a consecuencia do xeo formado no lugar, así como que nesa data tívose que cortar ó tráfico o lugar así como actuacións co obxecto de impedir a formación de xeo.

No expediente hai unha factura proforma dunha cazadora de 03/03/2003 por importe de 353,50 euros, cifra que coincide coa que no escrito de reclamación, parágrafo terceiro E estímense os gastos de reparación do vehículo, gastos estes últimos que non se acreditan.

Tal e como a xurisprudencia e doutrina estiman resulta que a inexistencia de testemuñas presenciais do accidente e de calquera outro medio probatorio do que se poida concluír a forma en que se produciu, así como que este tivo lugar na hora, sitio e data indicados fan que o alcance probatorio do material obrante no expediente non sexa suficiente para entender superado o “onus probandi” que grava ó reclamante, xa que non se probou suficientemente o transcendental feito de que o accidente se producira no lugar e circunstancias que el indica.

E isto é así por canto ademais de que non hai testemuñas presenciais do accidente, o reclamante é propietario dunha motocicleta modelo Honda RC 42, matrícula PO-7289-AX, que na especificación BRITÁNICA de Seven Fifty figura con unha capacidade de 747 cc do motor, cun peso de aproximadamente 235 kilos, vehículo que en ningún caso cabe identificar co “ciclomotor” do que fala o parte de servizo da Policía Local que se achega, como vehículo accidentado, aínda que se descoñecía a persoa que conducía o dito vehículo.

Chama ademais a atención de que unha caída dese vehículo que provoca lesións nun ombro non producise danos nel, extremo que non se acredita, sen que unha factura proforma dunha cazadora, datada dous meses posterior probe nada ó respecto, nin sequera da rotura da propia cazadora.

Respecto á documentación médica que se achega, abstracción feita do informe de 12/07/2003 da Clínica San Roque no que consta que o reclamante tivo unha caída no barco por un golpe de mar quedándose colgado dos ombros e dos ocos popliteos, nela consta accidente de tráfico o día 11/01/2003 por referencia do propio reclamante, o que non proba nin as circunstancias nin o lugar, así como os informes periciais, dado que o feito de que é o propio interesado quen lles di eses datos impide recoñecer a eses documentos máis valor que o das súas propias declaracións, que consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (ditame 461/2006 entre outros) considéranse unha tese argumental desprovista dunha mínima eficacia probatoria que obxectivando as súas declaracións xustifíque verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Luís Bastos Rey, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(928).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ALCIRA COSTAS RODAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.919/243. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L.- OTTO INDUSTRIAL S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 8.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Alcira Costas Rodal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2006 no que expón que o día 27 de outubro de 2005, D. Juan Antonio Presa Costas circulaba co vehículo de propiedade da Sra. Costas pola rúa que bordea ó campo de fútbol Baltasar Pujales, cando este foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 27/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Presa relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobamos os*

danos no vehículo e un colector desprazado do seu lugar habitual, cuxo sistema de freado atopábase notabelmente deteriorado.

- Informe do Parque Móbil, de data 10/02/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Automoción DOS-ABN, S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 253,45 euros IVE incluído, son correctos.
- Informe da U.T.E. Contener-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, de data 01/03/2006.
- Práctica de proba testifical, en data 24/03/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Costas.
- Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 11/04/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza mayor.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do recolector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o

Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

- Segundo a proba testifical practicada a D. Jesús Iglesias Cuesta, este viu como o colector se desprazaba pola estrada, golpeando o vehículo, sendo as condicións climatolóxicas adversas.
- No parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do condutor do vehículo, consta como se identifica á testemuña anterior con manifestacións similares ás do condutor, así como que o colector se atopaba fóra do lugar previsto e que o seu sistema de freado atopábase notabelmente deteriorado.

Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, que tiña o seu sistema de freado deteriorado, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzando, topando co vehículo que circulaba polo lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó estar o colector deteriorado no seu sistema de freado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contener España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel. No mesmo senso pronúnciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º. Estimar a reclamación de Dna. María Alcira Costas Rodal.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contener S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rixe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 253,45 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(929).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DOLORES FRANCISCA MARTÍNEZ BARCIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 673/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 18.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Dolores Francisca Martínez Barcia presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de xullo de 2005, no que expón que o día 25 de maio de 2005, a rotura dunha tubería da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas Aqualia na avenida de Galicia, produciulle unha serie de danos no edificio de súa propiedade, situado no número 27 da devandita vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 23/08/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Bombeiros, de data 26/08/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións en data 28/09/2005, indicando que procederon a reparar os desperfectos derivados da reparación da tubería, aínda que non recoñezan unha serie de gastos que non consideran derivados do accidente.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións e presenta documentación en datas 25/10, 27/10 e 01/12/2005.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten a obriga tanto de prestar estes servizos como de responder de calquera dano causado ós particulares a consecuencia do seu funcionamento.

Cómpre en primeiro lugar constatar a existencia dun dano que de conformidade co artigo 139.2 da Lei 30/1992 terá que ser efectivo, avaliábel economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas, esixindo a xurisprudencia a necesidade de que o reclamante acredite a súa realidade (SS 20/12/1992 entre outras), proba que se esixe cun maior rigor cando se trata de acreditar o lucro cesante (SS 27/06/1997).

Así mesmo, o artigo 139.1 da Lei 30/1992 esixe que unha vez constatado o dito dano este o sexa “a consecuencia” do funcionamento do dito servizo público, nunha relación “directa, inmediata e exclusiva de causa a fecto, sen intervención estrañas que alteren o nexo causal” (S 04/06/1994).

Polo tanto, do exame do expediente, resulta que:

- *O 25 de maio de 2005 produciuse unha rotura na rede de abastecemento da avenida de Galicia, o que lle ocasionou danos á vivenda e ó baixo comercial que Dna. M^a Dolores Francisca Martínez Barcia ten en propiedade no lugar. Estes danos foron obxecto dun orzamento de reparación a instancia da reclamante pola empresa Pinvigo S.C.Q.L, valorándose en 3.894,93 euros, valoración que Aqualia, concesionaria do servizo na cidade de Vigo, estima correcta.*
- *A reclamante pretende así mesmo que se lle indemnicen outros gastos que estima causados a consecuencia do sinistro, e que son gastos de notario, de avogado, de fotografías así como de indemnización por aluguer do baixo, ó estimar que se rescindiu o contrato por mor do sinistro e polo tempo que medie entre el e ata que se volte a alugar, sendo este o motivo de iniciación do expediente ó estar conforme Aqualia, como concesionaria do servizo a indemnizar, cos danos consonte co orzamento achegado.*

Ó respecto dos gastos de fotografía, avogado e notario cómpre dicir que consonte co artigo 139.1 da Lei 30/1992 e doutrina xurisprudencial citada non se observa que concorra en ditos gastos o necesario nexo causal cos caracteres de directo, inmediato e exclusiva, por canto este exclúese cando incide outra causa directamente determinante, sexa atribuíbel ó propio prexudicado ou a terceiros, ninaqueles casos nos que non é unha necesidade obxectiva senón que se elixiu libremente (STS 10/12/1992) como ocorre neste suposto, ó se trataren de gastos voluntarios da reclamante e que non serían precisos neste suposto. Sinalar que na minuta do notario en nada se refire ó sinistro de que se trata, e que se descoñecen as fotografías realizadas por canto ningunha se achegou coa reclamación.

A indemnización que se solicita por aluguer deixado de percibir insírese dentro do concepto de “lucro cesante”. Ós efectos da súa proba, da que como se dixo esíxese un “maio rigor” achégase a copia dun telegrama no que se comunica a rescisión do contrato por incumprimento dado que a data do inicio o local non se atopa en perfecto estado, o que non proba que o sexa a consecuencia da inundación producida. En todo caso, tanto do informe solicitado a Aqualia, como das propias manifestacións da reclamante, parece ser que esta rexeita a reparación dos danos no local na contía por ela mesma solicitada, polo que aínda no suposto de que efectivamente non puidese se ralugado o local polos desperfectos ocasionados isto unicamente sería achacábel á propia reclamante.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu a consecuencia do funcionamento do servizo.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Dolores Francisca Martínez Barcia.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.894,93 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(930).- RECLAMACIÓN DE Dª. EMILIA CONSUELO GONZÁLEZ MÉNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 816/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 18.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Emilia Consuelo González Méndez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de novembro de 2005, no que expón que o día 13 de

outubro de 2005, mentres camiñaba pola Gran Vía, á altura do número 5, sufriu unha caída por mor dunha lousa da beirarrúa que se atopaba solta, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 09/11/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.
- Práctica de proba testifical, en data 28/02/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. González, indicando que o desperfecto non se vía a distancia, levantándose as lousas ó seren pisadas.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.695,65 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 28/04/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliabel economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- E así, do exame do expediente, resulta que:

- Dna. Emilia Consuelo o día 13 de outubro de 2005 caeu na rúa Gran Vía, ó tropezar nunha baldosa que se atopaba solta. Os feitos tiveron lugar ás 10:30 horas da mañá, e segundo a proba tística practicada queixábase a consecuencia da caída de dor nunha man, sen que se especifique se a dereita ou a esquerda.
- A testemuña que acompañaba a reclamante di que tras os feitos acompañouna para recibir asistencia sanitaria ó ambulatorio sito na rúa Cuba en Vigo. Requirida a reclamante para que achegase copia desa asistencia médica, non se achega ó expediente.
- Ás 22:22 horas do serán do día 13/10/2005 Dna. Emilia Consuelo recibe asistencia médica no servizo de Urxencias do Hospital Xeral-Cíes, situado na rúa Pizarro número 22, onde se lle diagnostica fractura base 1ª metacarpiano, non desprazada, na man esquerda, asistencia que se presta case 10 horas despois da caída na rúa.
- Solicitado informe sobre os feitos á Policía local de Vigo, esta informa que non consta ningunha intervención sobre eles.

Nos expedientes de responsabilidade patrimonial, é preciso para poder apreciar a existencia dun xeito indubidábel dun vínculo causal que enlace o dano padecido co funcionamento dun servizo público, demostrando que aquel é consecuencia deste por parte do reclamante.

E neste suposto, se ben aparece acreditado que a reclamante sobre as 10:30 horas da mañá caeu na rúa, queixándose a súa consecuencia de dor nunha man, non o está que a asistencia médica prestada ás 20:22 horas do serán na que se lle diagnostica a fractura da man esquerda o fose a consecuencia da dita caída, tanto polo transcurso das horas entre ambos feitos como pola contradición existente que se deduce da proba practicada de que tras a caída recibiu asistencia médica no ambulatorio da rúa Cuba, da que se carece de ningún informe ó non se xustificar esta debidamente.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Emilia Consuelo González Méndez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(931).- RECLAMACIÓN DE D. GUSTAVO JUSTO DA CRUZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 682/243. DESESTIMADA..

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Gustavo Justo da Cruz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xullo de 2005 no que expón que o día 17 de xullo de 2004, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-1231-AJ, pola rúa Marqués de Alcedo, e tras chocar cun lastro que se atopaba na calzada, perdeu o control da condución e colisionou contra unha árbore o que provocou o incendio do vehículo e danos físicos á súa persoa.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, con data 17/07/2004, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Justo relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán o estado do vehículo totalmente calcinado e a presenza de lastros (similares ós existentes no Monte do Castro) e area na calzada, coincidindo co lugar onde empezan as marcas de fricción ó intentar frear o vehículo.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 15/09/2005, indicando non teren constancia de obras no lugar que supuxesen un acopio de lastros no mesmo.*
- *Informe do Parque Móbil, de 21/10/2005, comunicando que consideran razoábel a valoración de 1.000 euros achegada por Distribuidor Poio Motor polo vehículo, aínda que se faga referencia a uns extras que non se valoran ó se descoñeceren a súa existencia e características.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.686,72 euros.*
- *Informe da Asesoría Xurídica, de data 30/11/2005.*
- *Decreto de alcaldía, de data 06/06/2006, no que se resolve a caducidade do expediente, debida á paralización do procedemento por causa imputábel ó solicitante.*
- *Recurso de reposición interposto polo reclamante en data 25/08/2006.*
- *Decreto de alcaldía, de data 01/09/2006, polo que se estima o recurso interposto e se continúa a tramitación do expediente.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 07/09/2006, no que indican que a velocidade máxima de circulación permitida no lugar do accidente é, á falta de sinal que indique o contrario, de 50 km/h.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 03/04/2007, sobre a frecuencia de limpeza da vía na que ocorreu o accidente.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 16/05/2007*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- D. Gustavo Justo da Cruz, en data 17/07/2004, perdeu o control do seu vehículo, cando circulaba pola rúa Marqués de Alcedo de Vigo, cando tras un adiantamento golpeou cun lastro que se atopaba na rúa, causándose lesións que o ditame médico solicitado ó efecto e emitido o 18/11/2005, valora en 2.686,72 euros, por canto hai no expediente informe do Dr. Concheiro, traumatólogo que lle tratou e que o 18/10/2004 deulle a alta médica sen secuelas, en contraposición o informe do Dr. Rivas con apreciacións subxectivas que non se reflicten no informe do médico que lle tratou e que ademais se fixo con bastante posterioridade á alta polo que pode haber outras circunstancias concorrentes.
- Do atestado levantado pola Policía Local polo accidente de circulación, que actuou ás 03:10 horas, tras recibir aviso, que o vehículo circulaba a unha velocidade estimada polo propio condutor entre 60 e 65 km/h. e que tras efectuar un adiantamento percatouse da presenza do lastro na calzada, o que provocou a manobra de evasión e o dito accidente. Neste intre había boa tempo, a iluminación da calzada era suficiente e a circulación fluida.
- Do mesmo informe que había varios lastros dos que serven para delimitar os sendeiros do Parque Monte do Castro, situado ó carón da calzada, sobre a beirarrúa, descoñecéndose a identidade da(s) persoa(s) responsábel(is) da súa colocación na calzada. O servizo de Montes, Parques e Xardíns informa o 15/09/2005 que non hai constancia de ningún tipo de obra que supuxese acopio de lastros.
- O vehículo resultou sinistrado na súa totalidade, cun valor venal de 485 euros, e un valor de mercado de 1.000 euros.

Cuarto.- A xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiterado que a responsabilidade da Administración ten un carácter obxectivo, isto é, configúrase como de resultado, bastando para apreciála un nexo de causalidade entre o funcionamento dun servizo público e o dano causado, polo que resulta preciso acreditar o dito nexo causal. Do exame do expediente acréditase que a causa que orixinou o accidente foi a presenza dun lastro dos que se utilizan no Parque do Castro, próximo na calzada, co que topou o vehículo, atopándose outros na beirarrúa, e parece ser que debido á incívica conduta dun terceiro, do que se descoñece a súa identidade.

Por outra banda, segundo as propias declaracións á policía do reclamante, este circulaba a 60 ou 65 km/h, velocidade que tivo que incrementar para efectuar o adiantamento nun tramo urbano no que de conformidade co que dispón o artigo 29.2 da Ordenanza xeral de Circulación do termo municipal de Vigo está prohibido circular a unha velocidade superior a 50 km/h, límite de velocidade que o artigo 19 do Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, establece como de obrigatorio respecto.

Apreciada esta grave negligencia no condutor que enlaza directamente co resultado lesivo por canto unha velocidade adecuada puidese ter impedido este, o Tribunal supremo ten considerado como feitos que determinan a ruptura do nexo de causalidade a gravísima negligencia da vítima, sempre que esta circunstancia fose determinante da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999). Nestes supostos a xurisprudencia (07/10/1997) residencia a relación causal no estándar do rendemento ofrecido polo servizo público para evitar situacións de risco patrimonial ós usuarios das vías públicas, e o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame 296/2006) tanto na vixilancia sobre as condicións de uso e idónea rodaxe así como o seu axeitado mantemento, e no expediente hai informe do servizo de Limpeza de que esta se realiza na dita calzada de luns a sábado de 04:30 a 04:40 horas, isto é, un control adecuado.

De acordo coa mencionada doutrina todas estas circunstancias fan que crebe a relación de causalidade que necesariamente debe mediar entre o dano e un servizo público, ó non quedar acreditado que aquel proveña deste.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Gustavo Justo da Cruz, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(932).- ABOAMENTO DE SALARIOS E DÉBEDA Á SEGURIDADE SOCIAL EN EXECUCIÓN DE SENTENZA XUDICIAL FIRME EN VÍA XURISDICCIONAL LABORAL. EXPTE. 17305/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 22.05.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

En Sentenza de data 16 de outubro do 2006 recaída no procedemento nº 538/06, o Xulgado do Social nº 4 de Vigo estimou a pretensión exercitada pola recorrente Dª Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P, declarando a nulo o despido efectuado en data 03/07/2006, ordenando ao Concello de Vigo a readmisión da actora con idénticas condicións ás que tiña con anterioridade e ao aboamento dos salarios deixados de percibir dende a dita data. Actualmente, a dita sentenza é firme ao ter sido confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza de 9 de febreiro do 2007 (recurso de suplicación nº 6180-2006).

Lémbrese que a actora mantiña unha relación contractual de natureza xurídico-administrativa -suxeita á lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas- co Servizo de Cultura e co Museo Municipal Quiñones de León, unidades administrativas que no seu día tramitaron –a traveso da figura do contrato menor de asistencia técnica- sucesivos contratos que o Xulgado estimou como efectuados en fraude de lei e inequívocamente significadores da existencia de relación laboral de carácter indefinido (non fixo). A sentenza de instancia reconece que a reclamante viu desempeñando diversas funcións relacionadas co préstamo de obras de arte, xestión de fondos museísticos, e tarefas de carácter administrativo. Asemade, fixa directamente o salario que o Concello debe aboar á mesma na contía de 1.814,75 euros/mes.

En data 01/11/2006 a referida reclamante causou alta na nómina do Concello de Vigo, así como en cotizacións empresariais á Seguridade Social (réxime xeral) coa categoría profesional de “coordinador de exposicións”,

unha vez recibida no Concello notificación da sentenza de instancia, e sen prexuízo do resultado da suplicación presentada pola defensa xurídica do Concello.

Na actualidade, a sentenza resulta firme tras a súa confirmación pola Sala do Social do TSXG, e polo tanto de obrigado cumprimento. Pola súa banda, a Inspección de Traballo, en escrito de data 14/05/2007 (documento nº 70057362) solicita xustificación para a falta de ingreso das ditas contías, que se estiman polo Negociado se Seguridade Social nun importe total de 9.545,13 euros, dos cales 7.198,46 euros corresponden aos salarios fixados por sentenza dende o mes de xullo do ano 2006 ao mes de outubro do mesmo ano, e 2.346,67 euros ás correspondentes cotizacións empresariais ao réxime da Seguridade Social, calculadas sobre a base de cotización de 1.814,75 euros (salario fixado por sentenza firme).

En atención ao antedito, e considerando a obriga de todo empresario de cotizar ao sistema da Seguridade Social recollida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente en virtude do establecido no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar, en execución da Sentenza de data 16 de outubro do 2006, dictada polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo no procedemento nº 538/06, o aboamento dos salarios deixados de percibir dende o pasado 3 de xullo do 2006, xunto cos recargos en concepto de cotizacións á Seguridade Social derivados do vínculo laboral xudicialmente recoñecido entre o Concello de Vigo e D^a Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P, que ascenden a un importe total de 9.545,13 euros, dos cales 7.198,46 euros corresponden aos salarios fixados por sentenza dende o mes de xullo do ano 2006 ao mes de outubro do mesmo ano, e 2.346,67 euros ás correspondentes cotizacións empresariais ao réxime da Seguridade Social, calculadas sobre a base de cotización de 1.814,75 euros (salario fixado por sentenza firme).

A materialización do devandito pago efectuarase mediante transferencia na conta de “Recursos diversos provinciales”-Número 2038-4016-93-6000056419 (CAJA MADRID) da cal é titular a Seguridade Social.

SEGUNDO.- Dése traslado do presente acordo á Intervención Xeral do Concello para proceder con carácter urxente ao aboamento efectivo das contías indicadas, debendo remitir xustificante á Unidade de Persoal con anterioridade ao luns 4 de xuño do 2006, para a súa presentación perante a Administración correspondente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(933).- EXPEDIENTE DE PERSOAL DE D. JAVIER PINAL FALQUE. EXPTE. 17310/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC de data 7.05.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 23.05.07, que di o seguinte:

Segundo resolución do Alcalde de data 30 de abril de 1999, trasládase ao administrativo de admon xeral D Javier Pinal Falque , con numero de persoal 77226, a Unidade 011-Deportes para desenvolver as funcións que lle sexan encomendadas polo Consello de Administración do I.M.D.

O Director Técnico do IMD , con data 17 de abril de 2007 informa das funcións desempeñadas polo administrativo de admon xeral do Concello de Vigo, adscrito a dito organismo Autónomo, D Javier Pinal Falque. No devandito informe expónse que ven desempeñando as funcións de dirixir, coordinar e supervisar as funcións en relación ós servizos de administración e contabilidade, control orzamentario e elaboración da contabilidade, clasificación e contabilización das facturas nos libros de contabilidade, control, custodia e movemento de fondos, xestión administrativa do persoal e realización de informes da Unidade administrativa, dende o 1 de maio de 1999 ata a actualidade.

Así mesmo este funcionario confecciona a nomina mensual dos traballadores do IMD, o que lle supón estar ao día na lexislación e normativa correspondente.

Ademais, o devandito traballador municipal colabora habitualmente coa Concellería de Deportes nas tarefas que lle son encomendadas.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendimento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta anteriormente puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, na que se contempla a posibilidade de autorizar calquera outra produtividade pola Xunta do Goberno Local, en función de criterios de valoración obxectiva, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.

De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non puidendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendimento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Asi mesmo considerase que nas vindeiras Relacions de Postos de Traballo a realizar, ben sexa na do IMD ou na propia do Concello de Vigo, según se determine, deberiase incluír un posto que recolla as funcións e tarefas a realizar neste Organismo Autónomo.

O importe proposto a percibir e de 4968,95 € anuais ata que sexa posible a adecuación retributiva do posto coas funcións a desenvolver, polo que no caso de que a Xunta de Goberno optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo, o devengo semestral estará condicionado ao informe previo do Director Técnico do IMD, conformado polo Presidente do mesmo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente e mentras se produzan as circunstancias que dan lugar a mesma.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Recoñecer e aboar ao administrativo de Admon Xeral, D Javier Pinal Falque, con nº de persoal 77226, adscrito ao Organismo Autónomo IMD a cantidade de 4968.95 € anuais, en concepto de produtividade a devengar semestralmente, previo informe do Director Técnico do IMD, conformado polo Presidente do mesmo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente, ata que sexa posible a adecuación retributiva do posto coas funcións a desenvolver.

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(934).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ELYME S.L. CONSTITUÍDO POR CONSTRUCCIÓN DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA RÚA LEPANTO. EXPTE. 52443/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 22.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por ELYME S.L., en relación o aval constituído en data 14/02/2006, para responder dos danos que puideran ocasionarse na r/ Lepanto por construción de canalización eléctrica, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 18 de maio de 2007, donde se reseña que a zona quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, segundo carta de pagamento nº 200600004589, polo importe de 1.230,19 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, segundo carta de pagamento nº 200600004589, polo importe de 1.230,19 euros.

33(935).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DA XESTIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS, O SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL, O SERVIZO DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO MONTE DO CASTRO E DO SERVIZO MÓBIL DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 1924/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 2.05.07, conformado pola concelleira de Xuventude e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar a xestión do Servizo de Ludotecas do que é adxudicatario Tasoga S.L por un ano máis, dende xuño do 2007 ata maio do 2008 polo importe de 117.395,20 €, correspondendo ao presente ano (xuño/décembro) a cantidade de 68.480,53 €.

2º.- Prorrogar o contrato do servizo de información xuvenil do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L por un ano máis, dende xuño de 2007 ata maio de 2008 polo importe de 88.400,00 €, correspondendo ao presente ano (xuño/décembro) a cantidade de 51.566,66 €.

3º.- Prorrogar o contrato do Servizo de Dinamización Xuvenil do Monte do Castro, do que é adxudicatario Xegalia S.L por un ano máis, dende o mes de setembro do 2007 ata agosto do 2008, polo importe de 61.210,21 €, correspondendo ao presente ano (setembro/décembro) a cantidade de 20.403,40 €.

4º.- Prorrogar o contrato do servizo móbil de información xuvenil do que é adxudicatario Concepción Cuña Pérez por un ano máis, dende o mes de xuño de 2007 ata maio de 2008, polo importe de 37.310,00 €, correspondendo ao presente ano (xuño/décembro) a cantidade de 21.764,16 €.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

D^a. Lucía Molaes Pérez